

EMPREGO DOMÉSTICO

REXULTADOS DA PLATAFORMA

E ASOCIACIÓNS DE

TRABALLADORAS DO FOGAR

O RECOÑECIMENTO DA PRESTACIÓN

POR DESEMPREGO.

CONTRATO ESCRITO DE TRABAJO

OBLIGATORIO EN TODOS OS CASOS.

UNHA XORNADA MÁXIMA DE 40 HORAS

SEMANAIS TANTO NO TRABAJO

EXTERNO COMO NO INTERNO.

E, NO CASO DAS COIDADORAS, QUE

COCEA UN DESCANSO MÁXIMO DE

10 HORAS ENTRE XORNADAS.

NOS TRABALLOS DE COIDADADO NOCTURNO

UNHA XORNADA MÁXIMA ENTRE AS 2

E AS 8 HORAS, NON MÁIS DE CINCO

DÍAS SEMANAIS, COA OBLIGA DE QUE

SE ABOEN TODAS AS HORAS A DISPO

SICIÓN DA PARTE EMPREGADORA.

DESCANSO DE DÍA E MEDIO SEGUIDO

Á SEMANA, ESPECIALMENTE PARA

AS TRABALLADORAS EN RÉXIME INT

INDENNIZACIÓM POR CESE IGUAL QU

NO RESTO DOS SECTORES.

- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 10 Acampamentos e mobilizacións traducen a indignación da sociedade**
- 12 Orgullo 2011**
- 14 Lidia Senra, Pedrón de Ouro 2011**
- 16 Lei de Familia: a gran ofensiva contra as liberdades das mulleres galegas**
Rocío Fraga
- 19 Homes nas organizacións feministas?**
Montse Oliván
- 24 A muller baixo o franquismo (3ª parte): O cuestionamento das capacidades femininas**
Victoria Martins R.
- [DOSSIER] **26 Emprego doméstico**
- 26 Reivindicacións da Plataforma Estatal de Asociacións de Traballadoras do Fogar**
- 28 O traballo doméstico e o emprego do fogar**
Felicía Estévez Salazar
- [ENTREVISTA] **32 Entrevista a Carmen Casal, socia fundadora de Xiara**
Felicía Estévez Salazar
- 36 Exemplos de elementos vexetais en rituais contra as enfermidades. Exemplos das Illas Británicas e Galicia**
Milagros Torrado Cespón
- 40 A mirada distante de Úrsula Heinze**
Anxos García Fonte
- [LEMBRANZAS] **44 Elvira: labrega, cocifeira e mariscadora**
Ariana Louro Freire
- [LIBROS] **46 A Veiga é como un tempo distinto**
Patricia Arias Chachero
- [FILMES] **47 As silenciadas**
Aurora Marco
- 48 Doli, doli, doli... coas conserveiras: Rexistro de traballo**
Ana Arellano

Revista Galega de Pensamento Feminista
Segundo cuatrimestre, 2011
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Rocío Fraga
Montse Oliván
Victoria Martins R.
Felicía Estévez Salazar
Milagros Torrado Cespón
Anxos García Fonte
Ariana Louro Freire
Patricia Arias Chachero
Aurora Marco
Ana Arellano

Deseño gráfico: Uqui IIIII Cebra
Imprime: Grafisant, S.L.
D.L.: C-1.146-88

As informacións sobre asasinatos de mulleres por parte da súas parellas ou ex-parellas xa non son novidade, semana tras semana, mes tras mes, o número increméntase, ata que nestes últimos seis meses a media é dunha morte por semana. As cifras estremecen, pero as mortes son só a punta do iceberg da violencia machista, por detrás destas cifras hai un número moito maior de mulleres que a sofren día a día sen chegar a ser noticia porque non acaba fisicamente coas súas vidas. Os asasinatos de mulleres, case todos eles premeditados, son a conclusión de anteriores ameazas, insultos e golpes.

Hai agora unha maior conciencia social da gravidade deste problema, os medios non son alleos a esta maior conciencia, pero tamén se debate se detrás desta acumulación de noticias non se está a producir un *efecto chamada* nos agresores. Un informe do delegado de Goberno para a Violencia de Xénero chama a atención sobre a concentración nas datas destes homicidios. O estudo, que se levou a cabo con datos oficiais de asasinatos de mulleres perpetrados durante o período comprendido entre os anos 2003 e 2010, sinala que as mortes de mulleres por violencia de xénero non seguen unha distribución temporal aleatoria e que o risco de que se cometa o asasinato de mulleres vítimas de violencia de xénero no intre inmediatamente posterior a outro é 1,67 veces maior.

En todo caso, o que si está claro é que nin as leis nin esta maior conciencia frean á violencia contra as mulleres. A violencia apréndese nas casas, nos colexios e nas rúas, e na sociedade seguen a estar moi arraigados os prexuízos machistas que outorgan ás mulleres un papel subordinado. Acéptasenos como víti-

mas ás que protexer, pero non como axentes libres de decidir sobre as nosas vidas. A pesar dos avances e das denuncias admítese, case como unha

editorial

realidade incuestionable, que ás mulleres lles custe máis cós homes atopar un traballo ou que sexan elas sobre quen recae, maioritariamente, o coidado familiar. Con cotas ou sen elas, moi poucas mulleres encabezan as listas electorais e aínda son menos as que están nos consellos de dirección das empresas. Non basta con denunciar nin con castigar aos agresores, hai que transformar os valores nos que esta violencia se sustenta. É preocupante ver que para unha gran parte das adolescentes os valores en boga seguen a ser case os mesmos das nosas avoas, para *triunfar* hai que ser guapas, sedutoras, eternamente novas e ter un home ao lado. E os homes, fortes, agresivos, dominantes e ter unha muller a quen protexer... Son valores que se van conformando día a día nas mensaxes que reciben as mozas nas cancións, nos filmes, nas revistas...¹

Nas concentracións do chamado movemento do 15-M, unha parte da sociedade, e sobre todo a xuventude, manifestouse contra a degradación da política e contra un sistema económico amplamente excluín-te; tamén as propostas do feminismo

estiveron nas prazas.² As concentracións espalláronse por todo o Estado creando unha onda de simpatía pouco habitual nunha sociedade que semellaba adurmiñada. Os medios tamén axudaron a darlles pulo pasada a primeira sorpresa da capacidade de convocatoria, pero, ante o avance da dereita nas últimas eleccións, avance que se está a producir tamén en toda Europa, está por ver se estas convocatorias son só un charco de rebeldía que se vai perder no tsunami da crise ou se chegarán a ser unha fonte de novos valores da que podería manar un novo concepto de democracia. De ser isto último –ogallá o sexa!–, as mulleres teremos moito que aportar a este cambio de valores, porque *sen feminismo non hai revolución*.

¹ A Unión de Consumidores de Estremadura (UCE) presentou no pasado mes de maio un informe de oito das principais revistas para mozas que se editan en España. A primeira conclusión que tiraron foi que a construción da feminidade neste tipo de revistas está directamente ligada ao consumo. Preto do 90 % son seccións nas que informan con todo luxo de detalles sobre vestido, calzado, cosmética, complementos, etc. En ningunha das 500 páxinas analizadas foi atopado algún produto para rapaces. As revistas encárganse de aprender ás mais novas «que se é en función do que se aparenta». Queren que as adolescentes poidan pisar o éxito «para seren as máis *in* en case todo», asegura o informe. O máis grave para as persoas responsables da análise é que o estereotipo da relación entre home e muller é o mesmo «dos nosos avós: as rapazas destas revistas poden estar á última en todo, pero se non teñen rapaz, non son ninguén».

² <http://revistandaina.wordpress.com/2011/05/24/reivindicacions-feministas-nas-prazas/>



Xénero Humano: Caderno de Igualdade

Núm. 2, novembro 2010

Dirixe; Marta Arribas González

Concello de Ourense. Concellaría de Igualdade

120 páx.

Saudamos a aparición do segundo número do *Caderno de Igualdade* editado pola Concellaría de Igualdade ourensá. Agradécense o coidado deseño e impresión, as estupendas fotografías e os contidos desta publicación anual. Neste segundo número, *Xénero Humano* inclúe artigos de: Pilar García Negro sobre Rosalía de Castro, de Bárbara Atanes sobre o oficio das leiteiras e de Irene C. Álvarez del Real sobre a re-significación das identidades nas teorías e prácticas *queer*. As entrevistas están centradas nas figuras de Ánxeles Cuña, Celina Ramos e Maruxa Salas Labrador. ■



22 documentos do feminismo galego editado pola Fundación Galega Sempre viu a luz nos comezos de 2011. Un librorio de interese para a historia do feminismo no país, precisamente porque se trata de documentos (iso que se ven chamando *literatura gris*: follas, manifestos, panfletos, trípticos, programas) que

produciu o feminismo galego entre os anos 1975-2003. O libro estrutúrase en catro capítulos: «O cuestionamento do rol tradicional das mulleres»; «Liberdade, sexualidade, dereito ao propio corpo»; «As reivindicacións feministas en defensa da autonomía das mulleres»; e o cuarto e último, «Mulleres e política». Os textos, a documentación e a súa escolla son de Isabel Rodríguez Mate. Imprescindible para achegarse ao facer das organizacións feministas con tempo de por medio, pero baseándose, xa non en memorias orais –sempre fráxiles e parciais–, senón nos papeis escritos e difundidos no tempo que o libro acouta. Por que 22? Algunha selección hai que facer. Quen pense que faltan documentos relevantes, que vaia xuntando, falando, propoñendo, integrando e demais. Por que non un número que só é múltiplo de 2? ■



Sarah Waters (1966), escritora británica –galega–, presentou en Madrid a tradución ao español da súa última novela, *El ocupante* (Anagrama, Barcelona, 2011). Cambia nela de rexistro. Insírese na tradición de fantasmas, mansión embruxada,

con crónica de costumes, e está ambientada na Inglaterra de 1947.

A novelista é autora, entre outras novelas, das obras *El lustre de la perla*, *Afinidad* e *Falsa identidad*, ambientadas na puritana sociedade victoriana, con personaxes que puñan en solfa as barreiras morais da época. Nelas a homosexualidade é referencia.

«Os meus libros abordan cuestións universais como o amor ou a paixón», dixo e, aínda que nesta novela cambia de rexistro, comentou «aínda me parece importante reivindicar a etiqueta de escritora lesbiana, porque se non convérteste en invisíbel». ■

Alessandra Aguilar, atleta lucense que xa gañara en Munich e agora foi cuarta no maratón de Róterdam, onde tamén rozou a marca de España. Aguilar rebaixou en máis de dous minutos a súa mellor marca persoal. Fixo 2.27, a terceira mellor marca española de todos os tempos, dous segundos máis que outra lucense, María Abel (que obtivo a súa marca en 2002), e nove máis cá palentina

Ana Isabel Alonso, que ten a marca de España desde 1995 (San Sebastián) en 2.26.51. Ademais, Alessandra Aguilar foi seleccionada polo Comité Técnico da Federación Española (RFEA), xunto co madrileño Chema Martínez, o extremeño Pablo Villalobos e o salmantino Rafael Iglesias, para participar na proba de maratón dos Campionatos do Mundo de Atletismo ao ar libre, que se celebrarán na localidade surcoreana de Daegu (do 27 de agosto ao 4 de setembro). ■



denuncias e comentarios

A Secretaría das Mulleres do SLG pide que non sexa necesario o permiso do cónxuxe para que as labregas poidan ser titulares

Isabel Vilalba, responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, entregou, o 14 de abril, na Delegación do Goberno na Coruña, un documento con alegacións ao anteproxecto de lei de Titularidade Compartida nas Explotacións.

O proxecto de lei de Titularidade Compartida nas Explotacións agrarias foi finalmente aprobado polo Consello de Ministros o venres 27 de maio para a súa remisión ás Cortes Xerais. O recoñecemento desta cotitularidade viña sendo amplamente demandado no noso país polo Sindicato Labrego Galego e, en particular, pola súa Secretaría das Mulleres.

Na actualidade, o 82 % das mulleres rurais de toda España traballan no campo en calidade de cónxuxes ou fillas e, sen embargo, na meirande parte dos casos, no 71,2 % concretamente, os titulares da explotación son homes. Xa tardaba a corrección de semellante desigualdade e inxustiza, aínda á espera do que pase nas Cortes Xerais. Sobre isto o SLG fixo o 27 de maio un comunicado de prensa que reproducimos:

«Para a Secretaría das Mulleres do SLG é un feito histórico que o Consello de Ministros aprobase hoxe, 27 de maio, a lei de Titularidade Compartida nas Explotacións. Esta era unha reivindicación fundamental pola que leva loitando moitos anos a Secretaría das Mulleres e é un paso importantísimo de cara a acadar a igualdade real nas explotacións e na actividade agraria.

A pesares da importancia desta decisión, agora queda por diante o difícil camiño de levar esta lei á práctica, de conseguir que no 100 % das explotacións da Galiza e do Estado as mulleres traballen en pé de igualdade cos homes. Dende este punto de vista, a Secretaría das Mulleres do SLG quere facer un chamamento, tanto ao Ministerio de Medio Rural como aos gobernos autónomos, e en especial á Xunta de Galiza, para que poñan todo o seu empeño á hora de promover a aplicación desta lei e para animar ás mulleres labregas que aínda non son titulares a que dean un paso adiante para selo; a este respecto, a Secretaría das Mulleres do SLG anunciou que porá toda a súa capacidade de traballo nesta tarefa. Cómpre lembrar que só na Galiza hai 35.000 labregas que non son titulares da explotación familiar na que traballan, cifra que ascende a 400.000 no conxunto do Estado Español. Para a Secretaría das Mulleres do SLG, as mulleres labregas deberían acceder á titularidade das explotacións, tanto se o solicitan voluntariamente como se non, pois non se pode permitir, en pleno século XXI, que haxa traballadoras que carezan de dereitos tan básicos como ter ingresos propios polo seu traballo, como acontece coas agricultoras non titulares. Tamén, de cara a acadar a igualdade nas explotacións, a Secretaría das Mulleres do SLG seguirá traballando para que se incentive a cotización á Seguridade Social por parte das labregas (só o 5,55 % chegan a cotizar trinta e cinco anos ao final da súa vida laboral, fronte ao case 80 % dos homes)». ■

O teu índice para una vida mellor presentouse en París o 24 de maio. O estudo compara 11 parámetros da sociedade para medir o benestar social. Agora mesmo sonnos relevantes uns poucos datos, porque a información da canciller Angela Merkel é moi, moi deficiente e incorrecta. Segundo ela, os europeos do sur somos vagos e *zanganetas*, traballamos poucas horas, temos moitas vacacións e ademais somos gastadores.

Se falamos en horas traballadas, a media de horas anuais traballadas en España é de 1654 fronte ás 1390 de Alemaña (a media da OCDE é de 1739; Portugal, 1719 e Greza 2119).

España ten 15 horas diarias alleas ao traballo e Francia e Alemaña, 16 horas diarias... Isto sen falar de salarios nin de servizos sociais.

Pero a ver..., como una xefa de Estado pode estar tan nas verzas sobre unha información que debería coñecer? Ou é desprezo e racismo cara aos veciños do sur? ■



A Lidia Falcón O'Neill, fundadora do Colectivo Feminista de Barcelona (1976), o Club Vindicación Feminista, a revista de idéntico nome (1976) e a publicación *Poder y Libertad* (1979) –fundadora do Partido Feminista de España, legalizado en

1981– rendéronlle unha homenaxe os días 14 e 15 de decembro de 2010 cunhas xornadas no Instituto Internacional e no Ateneo de Madrid, con motivo do seu 75 aniversario. En destaque, o seu activismo feminista e enerxías na loita pola igualdade das mulleres, na que continúa. ■

denuncias e comentarios

20.000 euros para pagar curas nos hospitais públicos galegos. A Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza gastou en 2010, 720.000 euros anuais para pagar os salarios de 54 capeláns católicos que actúan nos hospitais públicos galegos, uns con contratos de media xornada e outros de xornada completa.

Os capeláns como persoal propio do SERGAS aparecen incluídos nas súas listaxes desde 2006 baixo o epígrafe «Persoal relixioso», privilexio de que gozan en exclusiva os sacerdotes da relixión católica. O resto das confesións non teñen dereito a prestar a chamada *axuda espiritual* aos seus fieis nos hospitais públicos. ■



A escritora mexicana descendente de aristócratas polacos, Elena Poniatowska (París, 1932), activista política e xornalista, lembrou que no tempo no que ela chegou ao xornalismo «o espazo das mulleres aínda era a casa, a cociña e educar aos fillos. [...] Na redacción os temas importantes sempre os levaban eles, os varóns. Nas mulleres non se investía, porque delas díciase que traballan en MMC, é dicir Mientras Me Caso»... barreiras que hoxe non acabaron de caer. Estas declaracións fíxoas en Madrid, onde presentou o seu libro *Leonora*, último premio Biblioteca Breve de Seix Barral, unha carta de amor a Leonora Carrington, a extraordinaria pintora (recentemente finada na Cidade de México, o pasado 25 de maio). ■

El Iris del Bello Sexo: Periódico de Literatura y Costumbres, unha publicación mensual para mulleres editada en Compostela, vía a luz en maio de 1841. Imaxínade un nome que gardase correspondencia se fose unha publicación para varóns! ■

A Pastora, aquel mítico personaxe do que Alicia Giménez Barlett lembra que nos anos cincuenta no seu colexio cantaban: «Viva la Guardia Civil / que ha atrapado a La Pastora / mujer de bajos instintitos, / fea, mala y pecadora...». Así



que La Pastora conseguiu despertar a súa curiosidade con esas e outras cousas «misteriosas». Atopaba, sen embargo, silencios espesos na zona onde vivía, até que se publicou o libro de José Calvo *La Pastora. Del monte al mito*, cunha fundada documentación. A Pastora naceu con «algo raro» e os pais, *carentes* de todo, decidiron inscribirla como muller para evitarlle a mili e as burlas que lle choberían. As irmás bouraban nela sen taxa e, con medo ao que puidese pasar, aos 9 anos, os pais doárona a outra familia, que aos 11 anos a mandou para o monte a criar ovellas. As burlas e risos non paraban, porque a Pastora era muller, vestía como muller, pero non se axustaba en absoluto aos patróns que a sociedade daquela de xeito maioritarísimo consideraba femininos. No monte pasou tempo agachada e soa até ingresar no maquis, a guerrilla antifranquista, e chegou a converterse nunha personaxe mítica na zona xeográfica dos lindes Castellón-Tarragona e Teruel. Coñecíase como a guerrilleira hermafrodita, aínda que non está de todo probado que fose hermafrodita, intersexo que dicimos agora. Fose como fose, a súa vida estivo chea de penalidades, vinte anos de cárcere incluídos, até 2004, ano no que faleceu. Nalgún momento aprendeu que era a través do uso da forza como conseguía facerse respectar. Seguramente iso foi parar nas lindezas que dela dicían os xornais da época: «Tola furibunda sedenta de sangue», «hiena sen sentimentos». Recentemente Alicia Giménez Bartlett novelou a vida da Pastora e co seu libro *Donde nadie te encuentre* (Destino) conseguiu o último premio Nadal.

En 1978 publicou Gallimard un texto interesantísimo e terrible, a historia de Herculine Barbin ou Alexina B, a experiencia biográfica dun hermafrodita contada por el mesmo, un documento do século XIX rescatado por Foucault. Este hermafrodita sufriu no seu corpo e mente as estreiteces dunha sociedade represiva, dunha moral católica rixida e dunha *ciencia* que pasaba por riba das inquiredanzas humanas das persoas, empurrando a Alexina ao suicidio.

O texto publicouse en español en 1985 pola editorial Revolución, sendo presentado por M. Foucault, *Herculine Barbin llamada Alexina B*, que segue merecendo ser lido. Outra aportación, esta desde o cinema, é o máis que interesante e valente filme de Lucía Puenzo *XXY*. ■

denuncias e comentarios

O 2 de xuño, Día Internacional das Putas

Desde 1975, o 2 de xuño celébrase o Día Internacional das Putas. Un día non oficial, por suposto, porén proclamado e propagado por prostitutas e polas asociacións en defensa das traballadoras do sexo, sobre todo en Latinoamérica e Europa.

Por que este día? Porque o 2 de xuño de 1975, máis de cen prostitutas ocuparon a igrexa Saint-Nizier na localidade francesa de Lyon para chamar a atención sobre a súa mala situación e sobre as represalias continuas que sufrían da Policía: abusos e violencia, multas e encarceramentos. «Mozas alegres na casa do señor», titulaban un texto enviado á prensa, onde explicaban a súa acción, unha ocupación pacífica que se propagou a outras cidades francesas.

Nesa igrexa xerouse o Colectivo de Prostitutas, un referente para todas as organizacións posteriores. Como dicía Ulla, unha das súas líderes: «Esperamos a nosa liberdade en tanto que mulleres, tal e como somos, e non tal e como queredes que sexamos para tranquilizar a vosa conciencia [...]. Non teñades medo: esta liberación non suporá automaticamente unha proliferación das prostitutas. A non ser que nosotras, as mulleres, sexamos todas mozas ás que unicamente reprimía o medo á Policía...». Nalgúns países orientais e na India celébrase este día o 3 de marzo. ■



A Igrexa católica de EE. UU., diante da magnitude do escándalo dos abusos sexuais a menores de moitos dos seus ministros, encargou un estudo oficial en 2006 que tivo un custe de 1,26 millóns de euros e que na maior parte pagou a Conferencia Episcopal norteamericana e organización católicas; nunha porcentaxe menor foi pagado tamén polo Goberno, a través do departamento de Xustiza. O estudo acaba de publicarse o 18 de maio. As conclusións? Foi a revolución sexual dos anos sesenta e setenta, e o seus efectos nuns curas pouco preparados para ela.

A indignación das agrupacións de vítimas non se fixo agardar. Bárbara Blaine, que en 1988 fundou a Rede de Superviventes de Abusos por parte do Clero, declaraba a *El País*: «Non podo crer que acusen á revolución sexual de que a min me violase un cura en 1969. Se hai alguén a quen culpar é ás dioceses e aos bispos, que sabían deses depredadores e destinábanos a outros colexios, para que seguisen abusando. Nunca, durante eses anos, os levaron á Policía ou aos tribunais. Ese estudo do John Jay College foi elaborado con información que autorizaron os bispos. Aos investigadores non se lles deu a autoridade legal

para entrevistar aos curas abusadores. Por iso se chegou a ese tipo de conclusións ridículas. É un informe pagado polos bispos, coa información dos bispos, que chega ás conclusións que queren os bispos». A verdade, non se pode ser máis explícita.

Outro estudo do 2004 do John Jay College estimaba que entre 1950 e 2002 tiña habido en USA 10.667 denuncias contra o clero por abusos sexuais. Delas consideráronse cribles unhas 6700 (4392 contra cregos). Un 4 % do total do clero foi acusado, con probas, de ter abusado de nenos.

Os cartos que gastou a Igrexa católica, a súa xerarquía, entre os anos 2004-2008 en acordos extraxudiciais, servizos psiquiátricos para vítimas e nos gastos dos litixios, segundo un informe da Conferencia Episcopal publicado en 2009, ascenderon a 2100 millóns de dólares.

A revolución sexual... Xa veremos o que pasa cando empecen a saír aquí á luz os abusos do clero nos anos da *puritita* revolución, a nacionalcatólica, nos colexios de curas e freiras entres os anos corenta e setenta, pero ca...!, previamente *sulfatarán* ao xuíz que abra as dilixencias e se poña mans á obra. ■

Género sinfónico: La participación de la mujer en las orquestas profesionales españolas

un estudo de María Setuain e Javier Noya, do grupo MUSYCA (música, sociedade e creatividade). Titulada superior en frauta travesera, máster en Mediación Musical da Universidade da Sorbona (París) ela, e doutor en Socioloxía, profesor titular de Socioloxía V e director do grupo MUSYCA, el. O traballo, que se pode consultar na rede (28 páxinas), pon ao nu o déficit de igualdade ou o atraso que as orquestras sinfónicas levan en presenza de mulleres respecto ao mercado laboral, especialmente as orquestras sinfónicas de aquí respecto ás europeas ou de USA. Nas orquestras sinfónicas españolas profesionais, o 32 % son mulleres e destas, a maioría están na sección de corda (42 %). Na percusión e na sección de metais a presenza de mulleres é simbólica.


Sen embargo, nos conservatorios un 60, % de quen obteñen o grao profesional son mulleres, así como un 40 % dos titulados superiores.

A Orquestra Nacional de España e a do Vallés teñen un 20 % de mulleres e ás de Santiago e Oviedo son as máis paritarias, cun 40 % de instrumentistas mulleres. Porén, onde a xerarquía masculina se mantén a resguardo é na dirección de orquestra. Esta, ao igual que a composición, son as que se consideran actividades *de maior rango na música* e nas que máis lles custa ás mulleres romper o «muro de son», en expresión dos autores, equivalentemente ao *teito de cristal*.

Certo, que elas se van abrindo

paso en todos os ámbitos da música, porén na chamada música clásica, a máis clasista, elitista, conservadora e xerarquizada (haberá que dedicarlle horas ao rock –non ao pop, senón ao rock–, onde hai moito que escarvar nesta materia) o atraso é tremendo. Para que logo se fale da aplicación das políticas de xénero e das leis de igualdade. Cantos anos eran os que precisaríamos para a igualdade, medio século?

Por certo... Esta noticia saíu en prensa escrita. O luns, 11 de abril de 2011, na páxina 32 de *Público*, baixo o rotulo «Femenino plural», figura o artigo «'Sotto voce' femenino en las orquestas», unha reportaxe asinada por Vanessa Pi. Nela fálase do citado estudo, dánse datos; está logrado o traballo da reporteira unha vez lido o estudo. Unha cousa de gravidade chama a atención: «[...] según el estudio *Género sinfónico*, que ha dirigido el profesor de Sociología de la Universidad Complutense de Madrid Javier Noya». Onde caeu María Setuain? Caeulle á reporteira? A Javier Noya? Que dicides de como se escriben as historias e as cousas do mundo? ■



Albert Freedman (Albany, 1917 – Nova York, 2011), un profesional da psiquiatría comprometido na defensa dos dereitos civís e, en particular, no seu campo: a defensa da confidencialidade das historias clínicas, os dereitos dos pacientes, a radical oposición ao uso da psi-

quiatria e as súas institucións como ferramenta represiva para a transformación de disidentes políticos.

Foi determinante o seu papel no proceso que levou a retirar a homosexualidade da lista DSM-II (Manual Diagnóstico de Enfermidades Mentais), desde a presidencia da Sociedade Americana de Psiquiatría xunto a un grupo de xente moza, renovando a sociedade e entre outras cousas a idea da homosexualidade como enfermidade. Morreu en abril de 2011; merece un lugar no noso corazón. ■



O VIII Encontro de Mulleres do SLG, celebrado

en Couso (Sarreaus, Ourense), do 25 ao 27 de marzo, rematou co compromiso das participantes de defender a lei de Titularidade Compartida nas Explotacións, que se presentou ao Consello de Ministros do pasado venres (25 de marzo). As mulleres do SLG valoraron positivamente o anteproxecto de lei, pois é un paso importante de cara a rematar coa discriminación que sofren miles de labregas que, a pesar de traballar nas súas propias explotacións familiares, non poden ser titulares das mesmas por estar a titularidade a nome dos seus cónxuxes. Neste senso, as participantes no encontro de Sarreaus decidiron que non aceptarán ningún recorte no texto legal que presentou o Ministerio de Medio Rural e que están dispostas a mobilizarse se este non vai para adiante ou se baleiran de contido a lei que se aprobe finalmente.

O 26 de marzo unhas duascenas mulleres achegáronse até Ourense, para manifestarse diante da subdelegación do Goberno e protestar contra unha reforma das pensións especialmente lesiva para as labregas. Tras unha pancarta con slogans como «Non máis invisibilidade», «Por unha Seguridade Social asequíbel» ou «Pensións dignas para todas», outras consignas como «Labregas somos, labregas seremos, pola igualdade sempre loitaremos», a manifestación discorreu dende a Alameda, pola avenida de Pontevedra, Lamas Carvajal e rúa do Paseo até chegar ao parque de San Lázaro.

Noticia tomada de <http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=6> [HYPERLINK "http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=6"](http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=6) [HYPERLINK "http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=6"](http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=6) ■

denuncias e comentarios

Historia das mulleres en Galicia, unha obra conxunta de cinco historiadoras está en marcha. Os tres primeiros volumes foron presentados aos medios de comunicacións e á sociedade en xeral polo presidente da Xunta de Galicia rodeado das súas conselleiras nas vésperas do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres. Ofelia Rey, Serrana Rial, Mar Llinares, Carmen Pallarés e Herminia Pernas son as autoras da obra. ■

María Rosa Gutés Pascual, xuíza substituta do Xulgado de Primeira Instancia nº 19 de Barcelona cualificou de disparate a lexislación actual do matrimonio homosexual. Aos proxenitores «Deus creounos home e muller e o ideal sería que o menor [adoptado por unha parella de lesbianas] contara cun pai e cunha nai».

Estas declaracións non foron na súa casa, coas súas amizades ou nun *bareto*. Foron feitas no tempo do xuízo, no que tamén proclamou terlle concedida a adopción exclusivamente «por imperativo legal».

Así, a xustiza española, chea de setas deste teor. ■

Silencio informativo sobre Islandia POR QUE?

(Esta é una das moitas noticias que circularon e circulan por Internet e que aquí traemos polo seu interese e importancia)

Sen noticias de Islandia

Se alguén cre que non hai censura na actualidade, que me diga se así como se soubo o que pasa en Exipto, por que os xornais nada dixeron do que pasa en Islandia. En Islandia o pobo fixo dimitir a un goberno ao completo, nacionalizáronse os principais bancos, decidiuse non pagar a débeda que estes crearon con Gran Bretaña e Holanda a causa da súa mala política financeira e se acaba de crear unha asemblea popular para reescribir a súa Constitución. E todo de xeito pacífico. Toda unha revolución contra o poder que nos trouxo até a crise actual. Por que non se deron a coñecer estes feitos durante dous anos? Que pasaría se o resto de cidadáns europeos tomasen exemplo?

Velaquí, brevemente, a historia dos feitos:

2008. Nacionalízase o principal banco do país. A moeda derrúbase, a Bolsa suspende a súa actividade. O país está en bancarrota.

2009. As protestas cidadás fronte ao Parlamento logran que se convoquen eleccións anticipadas e provocan a dimisión do primeiro ministro, así como de todo o seu goberno en bloque. Continúa a pésima situación económica do país.

Mediante unha lei proponse a devolución da débeda a Gran Bretaña e Holanda mediante o pago de 3500 millóns de euros, suma que pagarán todas as familias islandesas mensualmente durante os próximos quince anos ao 5,5 % de interese.

2010. A xente volve botarse á rúa e solicita someter a lei a referendo.

En xaneiro de 2010 o presidente négase a ratificala e anuncia que haberá consulta popular.

En marzo celébrase o referendo e o non ao pago da débeda arrasa, cun 93 % dos votos.

A todo isto, o Goberno inicia unha investigación para dirimir xuridicamente as responsabilidades da crise.

Comezan as detencións de varios banqueiros e altos executivos. A Interpol dicta unha orde e todos os banqueiros implicados abandonan o país.

Neste contexto de crise, elíxese unha asemblea para redactar unha nova Constitución que recolla as leccións aprendidas da crise e que substitúa á actual, unha copia da Constitución danesa. Recórrese directamente ao pobo soberano. Elíxense 25 cidadáns sen filiación política, dos 522 que presentaron candidaturas, para o que só era necesario ser maior de idade e ter o respaldo de 30 persoas. A asemblea constitucional comezou o seu traballo en febreiro de 2011 e presentará un proxecto de carta magna a partir das recomendacións consensuadas en distintas asembleas que se celebrarán por todo o país. Deberá ser aprobada polo actual Parlamento e mais polo que se constitúa tras as próximas eleccións lexislativas.

Esta é a breve historia da Revolución islandesa: dimisión de todo un goberno en bloque, nacionalización da banca, referendo para que o pobo decida sobre as cuestións económicas transcendentais, encarceramento de responsábeis da crise e reescritura da Constitución polos cidadáns.

Falóusenos disto nos medios de comunicación europeos? Comentouse nos faladoiros políticos radiofónicos ou televisivos? Publicáronse imaxes dos feitos pola tv? Claro que non!

O pobo islandés deu unha lección a toda Europa plantándolle cara ao sistema, constituíndo un exemplo práctico de democracia para o mundo. ■



Acampamentos e mobilizacións traducen a indignación da sociedade

Coruña, Vigo e Compostela, e mesmo houbo acampamentos en máis vilas do noso país. Así, o movemento de indignados e indignadas continuou co 19 de xuño, contra o pacto do euro, as súas multitudinarias manifestacións, e na Galiza continúan os acampamentos, que toman o espazo público malia ás ameazas de desaloxo das prazas por parte dos gobernantes.

Proxección de filmes, obradoiros de formación ou actividades culturais ocupan boa parte do traballo destas asembleas, así como activismo centrado en denunciar á banca como causante da crise económica e aos cargos públicos, pola corrupción, por unha lei electoral que favorece ás opcións maioritarias e o afastamento das organizacións políticas, que se concreta nun dos lemas máis coreados: *que non, que non nos representan*.

Seguindo dinámicas estatais, o movemento que xurdiu das manifestacións do 15-M, e que tivo a súa orixe nas mobilizacións da *geração à rasca* portuguesa, tivo repercusión nomeadamente na

O movemento que naceu con eventos na rede comeza a se estender socialmente, convocando asembleas en barrios dalgunhas cidades e realizando





accións contratos contra os desafiuzamentos e polo dereito á vivenda.

Nas prazas do Estado xurdiu un claro *non* ao que estaba a acontecer ao noso redor. Mocidade, xente maior, diversidade e contradicións, como non podía ser doutro xeito na sociedade na que vivimos na actualidade, forman parte do mapa deste movemento.

Porén, nunca sabemos de onde virá a faísca coa que prenda o lume. Manifestábase o malestar, potencialmente anticapitalista. *Non somos mercadoría*, lembran, e así desde onde menos se agardaba sae un discurso fresco, lonxe de esquerdas militantes e sindicais, contra a economía especulativa e a mercantilización da vida, contra o partidismo (xa que os partidos se integraron no Estado das cousas e do malestar), contra o individualismo como ética hexemónica, e contra a obediencia á ditadura de clase do parlamentarismo representativo.

Tamén desde as prazas, e tamén no Obradoiro, non tardou en facerse es-

coitar a voz das feministas indignadas, xa que neste movemento de novo eran invisibilizadas as súas demandas, polo que lanzaron o seu propio manifesto, que reproducimos a continuación.

Estamos na praza porque:

1. Queremos unha sociedade na que o centro sexamos as persoas e non os mercados. Por iso reivindicamos: servizos públicos gratuítos e vitais como a educación e a saúde fronte aos recortes sociais e a reforma laboral.

Esiximos o uso dunha linguaxe non sexista que nomee a todas as persoas e estea libre de homofobia, machismo e racismo.

Queremos o compromiso de homes e mulleres para a construción dunha sociedade onde no teña cabida a violencia machista.

As persoas somos donas do noso propio corpo, por iso somos libres para decidir sobre el, gozar relaciónámonos con el e con quen nos dea a gana.

Queremos unha sociedade diversa onde se respecten as múltiples formas de vivir o sexo e a sexualidade (lesbianas, gays, intersexuais, bisexuais, transexuais, transxéneros, *queers*).

Reivindicamos o aborto libre e grauíto.

É imprescindible incorporar a focaxe feminista nas políticas económicas, nos servizos públicos, na creación doutro modelo de cidade e nas políticas ambientais para saír da crise.


Esiximos que as traballadoras domésticas ou empregadas do fogar esteamos incluídas no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Esiximos que a transexualidade non se trate como una enfermidade.

2. Esiximos papeis para todas e que as mulleres migrantes gocen de todos os dereitos. ■



TRANSMARIBOLHERAS FEMINISTAS EM LUITA AQUI ESTAMOS TODAS



CONVOCAN:
MARIIBOLHERAS PRECARIAS
QUE NOSSA EDAÇONA
TRANSSEXUALIZA
RF6

28 JUNHO
FESTA NO BAR AS DUAS
A PARTIRES DAS 22:30H





Orgullo 2011

«Resucitate o orgullo, o orgullo como celebración da nosa loita, como lembranza de quen somos e de quen non nos permite ser». Palabras de Shangai Lily para advertirnos contra quen queren desvirtuar o 28 xuño con desfiles e carrozas como marca dun colectivo con capacidade de consumo e como placebo para a satisfacción e a *quedanza*.

Gañouse nas leis, porén fica moita homofobia na sociedade, agresións e desprezo nas rúas, belixerancia da xerarquía da Igrexa católica. Aí, esa *Guía para curar a homosexualidade* recién editada polo bispado de Alcalá ou o recurso que o PP presentou no Tribunal Constitucional contra a lei (Ley 13/2005) que permite as vodas entre persoas do mesmo sexo.

Celebración, festa e reivindicación no que a saúde, a alerta por repuntes de infeccións VIH ou o reclamo de traballar nas escolas ocuparon lugares de preferencia.

Lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, recuperemos o orgullo de ser para ser e facernos visibles cortando a homofobia e fortalecendo a liberdade sexual. ■

Lidia Senra

Pedrón de Ouro 2011



Lidia Senra, referencia obrigada dentro do movemento agrario europeo e internacional, foi galardoada este ano co Pedrón de Ouro 2011 na súa 48 edición pola súa traxectoria como líder indiscutible do sindicalismo agrario e polo seu traballo para visibilizar o labor da muller no campo

A Fundación do Pedrón de Ouro reconece, deste xeito, unha muller que foi secretaria xeral do Sindicato Labrego entre 1989 e 2007, tras participar «dende moi nova nas loitas e no sindicalismo galego» a través das Comisións Labregas, onde se caracterizou pola oposición á cota da Seguridade Social ou á cota láctea. Na actualidade, Lidia Senra é a responsable da Secretaría de Organización de Finanzas do Sindicato Labrego.

Cando lle comunicaron o premio, Lidia quixo facelo extensivo a todas as persoas que a acompañaron na súa loita: «Sinto que non é un recoñecemento a min, senón ao labor colectivo do Sindicato Labrego Galego, en especial ás súas mulleres. Non é unha cuestión persoal: trátase máis ben dun recoñecemento á xente da aldea, ás mulleres galegas».

É, precisamente, esa visibilización recoñecida no premio o que lle parece un dos grandes logros das mulleres no seu sindicato: «Fixemos un camiño moi

importante de participación e hoxe, no SLG, posuímos a paridade estatutariamente. Hai unha asunción de responsabilidades que nos permite estar ao cincuenta por cento nas decisións da organización».

Ese logro, ao seu xuízo, é o froito dunha «decisión firme» da Secretaría da Muller «de avanzar nun labor de autoestima e vencer os prexuízos culturais». Isto, asegura, «é algo que conseguimos e que non ten volta atrás, porque as mulleres do sindicato non estamos dispostas a dar un paso atrás». A discriminación das labregas, porén, segue a existir a nivel institucional e como indicativo subliña a lexislación que segue sen recoñecer a titularidade

compartida. Neste momento, engade, «grazas á loita das mulleres, débátese un proxecto de lei que pretende recoñecer esta titularidade. Esperamos que ese debate non quede en nada e que a lei se dote orzamentariamente».

E é que, en palabras de Lidia Senra, «a participación das mulleres nos labores do campo é fundamental: en moitas explotacións, as mulleres xeran unha importante achega económica que se prolonga cos labores domésticos, algo que tampouco está recoñecido, porque non hai unha tramitación, aínda que sexa economicamente fundamental».

Os nosos parabéns por tan merecido premio. ■



Cando lle comunicaron o premio, Lidia quixo facelo extensivo a todas as persoas que a acompañaron na súa loita: «Sinto que non é un recoñecemento a min, senón ao labor colectivo do Sindicato Labrego Galego, en especial ás súas mulleres. Non é unha cuestión persoal: trátase máis ben dun recoñecemento á xente da aldea, ás mulleres galegas

Lei de Familia

a gran ofensiva contra as liberdades das mulleres galegas

ROCÍO FRAGA*

Pendientes da aprobación definitiva no Parlamento galego da lei de Familia do PP, diversas persoas a nivel individual botamos ás mans á cabeza ante tal proposta de volta a tempos do patriarcado máis recalcitrante.

A lei de Familia xorde como Iniciativa Lexislativa Popular promovida por sectores do máis reaccionario da sociedade galega. Red Madre, entidade de

recente implantación no país encabeza tal proposta de retroceso nos dereitos e liberdades das mulleres galegas.

A lei de Familia é unha *lei fume*, non aporta máis que doutrinas morais, ambiguas e sen propostas, salvo pequenas excepcións que nomeamos máis adiante. O propio CES (Consello Económico e Social, órgano consultivo dos gobernos) tildou dita lei de «regresiva e pa-

triarcal», que recorta os dereitos das mulleres «impedíndolles exercer libre e informadamente sobre a súa maternidade».

Se analizamos a lei observamos como recupera bases morais do pasado máis reaccionario:

* (aka rizlinha) de Nomezisesofreghao (A Coruña) rizlinha@atreu.info



Ilustración de Marta Paz, de Nomepisesofreghao (A Coruña)

A lei de Familia é unha *lei fume*, non aporta máis que doutrinas morais, ambiguas e sen propostas, salvo pequenas excepcións. O propio CES (Consello Económico e Social, órgano consultivo dos gobernos) tildou dita lei de «regresiva e patriarcal»

1. Modelo de familia. O modelo de familia que promove a lei é unicamente o de corte nuclear e heterosexual, chegando a lamentar a existencia de «grupos de convivencia que se constitúen con certa analoxía a esta institución» evidenciando a diferenza entre esta e os que denomina «núcleos ou grupos de convivencia».

Ademais é tamén ao redor do modelo de familia onde, sen aportar nada, fala da corresponsabilidade *voluntaria* nas tarefas e obrigas familiares, deste xeito, apelando á voluntariedade sostén o sistema de coidados e de tarefas domésticas en mans das mulleres, permanecendo relegadas ao ámbito privado.

Nesta liña entramos nun segundo punto de análise que é:

2. Ocultamento da verdadeira función económica e social da familia.

Tal e como comentabamos respecto da corresponsabilidade voluntaria, este desexo de manter ás mulleres no ámbito privado non é só unha doutrina moral, senón que é un dos alicerces do capitalismo máis salvaxe. Ter ás mulleres na casa, facendo as tarefas de fogar así como coidando a crianzas, maiores e persoas con dependencias, supón, por unha banda, un traballo gratuíto que representa, segundo diferentes informes, un 36 % do PIB (datos 2008 do INE con respecto ao traballo domésti-

co). Por outra banda, o emprego de fogar, regulado por un réxime especial de escravismo, segue a ser ocupado polas mulleres no 99 % dos casos, favorecendo movementos importantes da economía somerxida mentres permanecemos relegadas aos ámbitos privados, aínda cando saímos a traballar fóra do fogar.

En épocas de crise como a actual son as familias quen soportan o peso do desemprego e dos recortes nos servizos sociais e sanitarios. Pero esta lei non aporta nada neste sentido, non hai proposta de partidas orzamentarias para a mellora dos servizos públicos, só deixa aberta unha porta ao incremento de financiamento e axudas fiscais a enti-

dades privadas que suplan parte desas carencias. O que nos leva a un terceiro punto de análise.

3. Privatización de servizos. Aínda que a lei, establece o principio de transversalidade para levar adiante as medidas e indicacións contidas. Sinala claramente que ademais da cooperación con institucións públicas procurárase a colaboración con organismos e entidades privadas para promover e fomentar a participación nas actuacións de protección e asistencia á familia, a infancia e a adolescencia, mantendo así a porta aberta a que sexan entidades privadas as que xestionen cuestións tan importantes como os centros de acollida, residencias de maiores ou calquera outro servizo relacionado. Non temos máis que ver como a recente implantación de entidades como Red Madre non evita que sexa unha das entidades que máis axudas está a recibir desde distintos eidos da Administración autonómica.

4. Responsabilidade das mulleres do dismantelamento do Estado de benestar. Semella que as mulleres somos as culpables, debido á baixa natalidade, do dismantelamento do Estado de benestar; polo tanto non cuestiona que o Estado de benestar cae como consecuencia do capitalismo, que prima nos orzamentos os gastos militares, subsidios á Igrexa católica, salarios da clase política, financiamento do ensino privado por riba dos gastos sociais.

Culpabilizar da falta de cartos á baixa natalidade confire, polo tanto, unha obriga moral das mulleres a ter descendencia en favor do ben social.

**Semella que as mulleres
somos as culpables,
debido á baixa natalidade,
do dismantelamento do
Estado de benestar**

**En ningún momento se
fala da violencia machista
no seo da familia (onde
está máis estendida)**

5. O aborto non é alternativa. Contempla a lei a realización de «campañas de sensibilización destinadas á concienciación social da importancia da maternidade, ao fomento da natalidade e á protección do dereito á vida en formación». A solución para os embarazos non desexados está efectivamente definida na lei, promovendo a acollida e adopción como alternativa, de xeito que a muller xestante poda continuar co seu embarazo eliminando toda referencia á interrupción voluntaria e anulando o dereito básico a decidir cando, como, e se, as mulleres queren ser nais.

En xeral a lei, como dicíamos ao principio, non aporta máis que doutrinas morais, abrindo portas á implantación de entidades que representan o máis rancio da dereita, mais ben ultradereita. En ningún momento se fala da violencia machista no seo da familia (onde está máis estendida), confire dereitos de persoa aos fetos, por exemplo para reservar prazas en garderías... Tal delirio de fascismo está xerando reaccións entre as feministas galegas, desde os diferentes posicionamentos de esquerdas, quizais sen posibilidade de parala, xa que entra agora no último trámite de aprobación, mais si para visibilizar a nova ofensiva que esta dereita radical, arroupada no PP está a realizar contra as mulleres galegas. ■




Homes nas organizacións feministas?

MONTSE OLIVÁN

Desde os II Encontros de Outras Vozes Feministas, mulleres, na súa maioría mozas, viñan propoñendo a conveniencia de que neles puidesen participar homes que compartían os puntos de vista desta corrente de pensamento feminista e que estaban implicados na loita contra o sexismo. Facíannos chegar o seu punto de vista e tamén o dun bo puñado de homes, moitos mozos, que buscaban un ámbito onde compartir ideas e discutir sobre feminismo.

O novo movemento feminista, cando naceu, mediados os setenta, deu por feito que tiña que ser só de mulleres. Foi un asunto que case non se discutiu. As mulleres eramos as oprimidas e o noso debía ser a loita. Embaixo desta opción había ideas, análise e conviccións. Moitas delas, atrévome a afirmar, acertadas; outras, non obstante, foron obxecto de discusión desde os primeiros tempos. Todas elas, en calquera caso, eran os primeiros balbúceos dun movemento que acababa de nacer.





As feministas de esquerda, entre as que nos atopábase moitas das que hoxe formamos parte de Outras Voces, tentabamos de modo xeral matizar esta relación que se concibía como antagónica entre homes e mulleres

[...] o masculino continúa sendo, a pesar dos cambios que se viviron, máis valorado có feminino; as mulleres, tamén as mozas, seguen tendo unhas marxes de liberdade máis limitadas cas dos homes

Hai espazos mixtos que desenvolven actividade feminista, hai organizacións de homes que teñen como obxectivo a igualdade coas mulleres, pero o debate sobre se os homes deben participar en organizacións creadas e definidas como feministas non se deu, é un debate aínda moi novo.

O home, o inimigo principal

A análise que sustentaba a imposibilidade da presenza de homes en organizacións feministas concibía a mulleres e homes como dous grupos antagónicos onde os homes detentaban o poder sobre as mulleres e esta opresión era a base de todas as outras. Por parte das feministas radicais esta afirmación era absoluta, aínda que partisen de análises en parte distintas.¹ As feministas de esquerda, entre as que nos atopábase moitas das que hoxe

formamos parte de Outras Voces, tentabamos de modo xeral matizar esta relación que se concibía como antagónica entre homes e mulleres, esta análise que concibía aos homes como inimigos absolutos das mulleres, supoñendo que as mulleres e os homes non nos definimos só polo feito de ser homes ou mulleres, senón por outros moitos factores como a situación económica, a ideoloxía, a opción sexual...

Co paso do tempo, a análise da dominación dos homes sobre as mulleres foise concretando, matizando e, por parte dalgunhas, insistindo moito na necesidade de fuxir de análises ahistóricas, na necesidade de analizar as variacións que sufriron as relacións entre mulleres e homes ao longo do tempo e do espazo e na necesidade de contemplar todo o cúmulo de situacións de desigualdade que se dan nas sociedades, fuxindo da necesidade de atopar a *contradición principal*. E iso lévanos a seguir analizando unha realidade que se mostra teimuda: o masculino continua sendo, a pesar dos enormes cambios que se viviron, máis valorado có feminino; as mulleres, tamén as mozas, seguen tendo unhas marxes de liberdade máis limitadas cas dos homes; a división do

traballo en función do sexo séguese mantendo e o traballo doméstico segue recaendo de modo abafante sobre as mulleres, a pesar dos cambios que tamén neste ámbito se produciron e a pesar da importante incorporación das mulleres ao mercado de traballo; o que no terreo sexual se considera aceptábel ou bo nos homes non sempre o é para as mulleres; os valores ligados á masculinidade seguen sendo máis apreciados có da feminidade; o traballo asalariado, por exemplo, máis có coidado; e as mulleres seguen estando ausentes dos grandes núcleos de poder económico e político... A conclusión é clara: tense avanzado moito, pero aínda fica moito por conquistar para as mulleres no ámbito da igualdade e da liberdade.

Ante esta situación discriminatoria para as mulleres cabe preguntarse se son os homes os responsábeis dela. Sería unha análise demasiado sinxela. Os

¹ Unhas partían dos homes e as mulleres como dúas clases definidas en función da explotación das mulleres no modo de produción doméstico (Christine Delphy); outras, polo modo de reprodución (Shulamith Firestone, Lida Falcón), e outras, polo patriarcado (sistema cultural polo que os homes dominan ás mulleres) (Kate Millet).



homes, ao igual que as mulleres, nacen en sociedades discriminatorias e opresivas desde diversos puntos de vista, e, en concreto, nacen en sociedades que lles outorgan privilexios en relación ás mulleres, aínda que estes sexan moi diversos en función de a que sociedades nos esteamos a referir. Nacen en sociedades nas que a preponderancia masculina se mantén en moitas esferas e hai homes que, por omisión e tamén por acción, se suman a esta sociedade sexista, a reforzan e se benefician dela. Estamos a pensar en homes que violan, que maltratan, pero tamén en homes que se acomodan sen ningún problema a manter eses privilexios que lles fan a vida mais confortábel. Pero resulta difícil ver esta preponderancia como froito dunha conspiración masculina fronte ás mulleres.

Semella unha liña de pensamento moito máis frutífera, se ben tamén máis complicada, aquela que contempla esta situación de desigualdade como resultado dunha sociedade que non sae da nada, senón dun pasado no que o papel subordinado das mulleres alcanzaba unhas cotas que hoxe, no noso mundo, resultarían insoportábeis; pero tamén dunha estrutura social na que sobre a

familia segue recaendo unha boa parte do traballo e na que segue existindo unha moi inxusta distribución do mesmo que dificulta a autonomía e independencia das mulleres; dunha sociedade na que o acceso ao mundo do traballo asalariado non é igual para mulleres e homes; dunhas ideas nas que segue manténdose un núcleo duro de que homes e mulleres somos profundamente diferentes, e diferente, aínda que menos desigual que no pasado, o noso papel na vida.

Pero esta desigualdade favorábel aos homes non ten por o que significar que non poidan pórse do lado das mulleres e apoiar as súas reivindicacións cando as formulan. Por outra parte, tampouco convén deixar de lado que esa *situación de privilexio* ten tamén o seu reverso, xa que aos homes se lles segue esixindo un comportamento *masculino*, por máis que hoxe o masculino sexa algo moito máis amplo e difuso que no pasado, que lles pode resultar, e lles resulta de feito en moitas ocasións, abafante e limitador. Por non falar xa da situación daqueles homes biolóxicos que non se identifican co seu sexo ou co seu xénero e que desexarían unhas identidades moito menos definidas,

situación que, por certo, afecta tamén ás mulleres e que convén telo en conta para centrar este debate, porque resulta que, desde diversos puntos de vista e desde diversas circunstancias, non é tan sinxelo establecer unha muralla inexpugnábel entre homes e mulleres: xéneros e sexos non sempre cadran, e os sexos, ás veces, tampouco son tan fáciles de marcar como pensaba o barón de Coubertin.

Os oprimidos deben tomar as rendas da súa propia liberación

Outra das bases para un movemento só de mulleres era e segue sendo a idea de que os problemas das mulleres só os poden entender as mulleres; pensamento do máis xeral: *cada grupo oprimido ten que tomar as rendas da súa propia liberación*. Así proposto, pouco hai que obxectar, porque se quen sofren realidades discriminatorias ou opresivas non loitan polos seus dereitos poderán facelo outros. Pero pouco podería avanzar tamén a humanidade se as persoas non fosen, como se demostrou tantas veces ao longo da historia, capaces de empatizar co sufrimento doutras persoas e solidarizarse con outras causas que non sexan directamente as súas. É

[...] tampouco convén deixar de lado que esa *situación de privilexio* ten tamén o seu reverso, xa que aos homes se lles segue esixindo un comportamento *masculino*, por máis que hoxe o masculino sexa algo moito máis amplo e difuso que no pasado, que lles pode resultar, e lles resulta de feito en moitas ocasións, abafante e limitador

Por ser homes están obrigados a agarrarse aos privilexios que a súa situación lles outorga e por iso non debemos darlles a palabra? Non poden aportar nada?

certo que no xénero humano aniña moito de bo e moito de malo, pero, precisamente porque así é a realidade, como non vai ser posíbel comprender e compartir o dor, o sufrimento e a alegría, aínda que proveña de xente que non é exactamente igual a ti? Como non vai ser posíbel empatizar con outras xentes, con outras causas?

Se realmente ese fose o pensamento, habería que levalo máis alá e afirmar, por exemplo, como o fixeron algúns feminismos, que unha muller heterosexual nos seus desexos e na súa práctica non poderá entender a quen só desexe a mulleres e que ningunha das dúas podería entender a quen pode ter tanto a mulleres como a homes como obxecto de desexo sexual.

O feito de que algúns feminismos non teñan en conta a diversidade e as contradicións entre as mesmas mulleres e non se reformulen ese singular *muller* tan negador das diferenzas entre elas, o feito de que ese feminismo maioritario non cuestione para nada unha identidade forte de *muller* fronte á tamén sen fisuras identidade *home* é, así mesmo, un dos piares sobre os que se sustenta este feminismo capaz de concibir a sociedade dividida en dous bloques fundamentais, enfrontados e contrapostos. Esta visión da realidade, que tan mal dá conta dela e tanto dificulta a súa transformación, impide reformular a negativa a que os homes participen na acción feminista.

Se pode responder que si poden apoiar, pero iso, apoiar. Pero, por que? Por ser homes están obrigados a agarrarse aos privilexios que a súa situación lles outorga e por iso non debemos darlles a palabra? Non poden aportar nada? Non sería este o meu punto de vista, é máis, creo que sería moi pouco democrático pretender unha posición *seguidista* por parte dos homes e compararse dela; sería unha posición moi pouco digna tanto para as mulleres como para os homes comprometidos coa igualdade. Non creo que as mulleres, polo feito de sermos mulleres, teñamos *a verdade* sobre a nosa situación

de discriminación, nin que os homes, por formar parte dun grupo que ten unha situación privilexiada fronte ás mulleres, estean incapacitados para desenvolver ideas que axuden a avanzar na igualdade.

Pero aínda creo que se debe dar un paso máis adiante. Se realmente queremos transformar a sociedade e esta componse de homes e mulleres que se relacionan entre si, que establecen relacións de amizade, de amor, de desexo, como o imos conseguir se non contamos co seu apoio? O feito de que o feminismo preponderante vexa en bloque aos homes como o inimigo que hai que combater supón un grande obstáculo para a participación dos homes, para a súa implicación co feminismo. E diso só pode derivarse un feminismo sectario e abondo estéril. E, aínda máis, se desde o feminismo se sinala ao conxunto dos homes como violadores, maltratadores, opresores... como imos conseguir que se sumen á loita feminista, que consideren que é algo que tamén a eles lles afecta?

Facer visíbeis ás mulleres

Desde a perspectiva actual, hai un elemento que estivo na base desa decisión dun movemento só de mulleres que, desde o meu punto de vista, tivo tamén unha enorme validez.

Se o papel que nos correspondera na sociedade, sen que esta formulación signifique aceptar análises tan simples como que as mulleres estivemos sempre recluídas no fogar, se xustificaba porque eramos seres incapaces de coller as rendas das nosas vidas e porque as nosas *virtudes* ían encamiñadas ao coidado, era vital que as mulleres emerxeramos, que nos fixeramos visíbeis e mostráramos á sociedade que eramos capaces de dicir como queríamos que fosen as nosas vidas; era necesario valorar ás mulleres fronte á minusvaloración histórica que tiñamos sufrido, negándonos intelixencia e acantoándonos no mundo da irracionalidade. Non cabe dúbida de que isto foi así, que este efecto se conseguiu, e para iso abonda

lembrar o impacto e o *revolcón* que supuxeron as Xornadas de Granada. Esta presenza escandalosamente feminina foi un auténtico revulsivo e un sinal enchido de optimismo para quen o viu directamente e para quen o fixo a través dos medios de comunicación. Porque, sobre todo, a prensa difundiu en todo o seu esplendor esta visibilidade das mulleres como suxeitos. Era un feito tan espantoso que resultaba noticia indiscutíbel; era unha realidade tan transgresora en si mesma que non podía ser silenciada. Os temas que se trataron eran transgresores, pero a mera imaxe das xornadas o era tamén.

As organizacións de mulleres foron, do mesmo modo, un espazo no que as mulleres cambiaron experiencias e reflexionaron sobre a súa propia vida, sobre a súa sexualidade con homes e con mulleres, sobre os seus medos e sobre as súas esperanzas, sobre as súas relacións cos homes. E este espazo era necesario. Foron grupos de autoconciencia, grupos nos que por primeira vez, de modo colectivo, as mulleres falaban das súas vidas e reflexionaron sobre o seu significado, sobre as situacións de discriminación e subordinación que sufrían e sobre o que debían reivindicar. Estas charlas contribuíron a crear lazos entre as mulleres ao descubrir xeitos comúns nas súas vidas, no traballo, na vida doméstica, na sexualidade e no tempo libre. Víanse tamén xeitos claros que nos facían diferentes, aínda que sobre iso pouco se reflexionaba. A descuberta que significaba ser muller nesta sociedade foi tan forte que silenciou a diferenza.

Foron tamén espazos nos que as mulleres aprenderon a valorar a outras mulleres; nos que as mulleres aprenderon a valorarse a si mesmas e ás outras; nos que recoñeceron autoridade a outras mulleres. E se algo era evidente, é que a autoridade, tamén a intelectual, fora masculina.

Foron espazos nos que se desenvolveron importantes relacións de amizade. Foron espazos nos que as mulleres gozamos de estar só con mulleres.

Foron espazos nos que, nunha palabra, se puxo en común o que en común tiñamos as mulleres. E as mulleres que puxeron en pé o novo feminismo tiñan máis en común que o feito de ser mulleres: o groso pertenciamos a mundos de esquerda e tiñamos sido loitadoras antifranquistas. Había moito en común porque, a pesar de que hoxe sabemos que, en parte, fabricamos unha identidade para a loita, o feito de ser mulleres –e máis naqueles tempos nos que carecíamos de todo tipo de dereitos– era evidente que nos marcaba a todas, aínda que fose de maneiras diferentes, mesmo moi diferentes. E só un pequeno apuntamento: carecíamos de moitos dereitos na lei, pero na vida algúns os ganáramos xa.

Creo, pero diso terán que falar as mulleres novas, que hoxe, pese a todos os avances conseguidos, o feito de ser muller segue supoñendo experiencias nalgúns sentidos semellantes e que poden seguir facendo falta espazos nos que compartir o común, nos que apoiámonos mutuamente para seguir coa loita adiante. Dar valor ás relacións entre mulleres está na base da loita feminista, nos avances das mulleres como colectivo.

A experiencia irá mostrando canto de mixto e canto só de mulleres convirá, pero o que si está claro é que hai homes que queren sumarse ás nosas loitas, que é xa unha vitoria das mulleres e que –creo eu– un feminismo como o de Outras Voces non pode renunciar ao apoio daqueles homes que comparten as nosas ideas e queren percorrer un camiño con nós nin á loita cotobelo a cotobelo con eles. E creo tamén que un lugar como uns encontros nos que vimos a debater sobre feminismo, sobre temas novos que saltaron á palestra é un espazo moi adecuado para o compartir con compañeiros que necesitan de espazos para discutir con nós. O que hoxe ninguén pode crer é que as mulleres que formamos Outras Voces temos medo a que nos resten protagonismo. Pouco houbésemos avanzado en case corenta anos de feminismo! ■

A experiencia irá mostrando canto de mixto e canto só de mulleres convirá, pero o que si está claro é que hai homes que queren sumarse ás nosas loitas, que é xa unha vitoria das mulleres e que –creo eu– un feminismo como o de Outras Voces non pode renunciar ao apoio daqueles homes que comparten as nosas ideas e queren percorrer un camiño con nós nin á loita cotobelo a cotobelo con eles

Se realmente queremos transformar a sociedade e esta componse de homes e mulleres que se relacionan entre si, que establecen relacións de amizade, de amor, de desexo, como o imos conseguir se non contamos co seu apoio?



(3ª parte)

A MULLER BAIXO O FRANQUISMO

O cuestionamento das
capacidades femininas

VICTORIA MARTINS R.

Caladiña estás máis guapa ou *Muller tiñas que ser!* son frases que forman parte do acervo cultural do franquismo e que reflicten a ampla difusión social dos prexuizos machistas.

A estendida opinión sobre a inferioridade intelectual e a nula capacidade técnica das mulleres, apoiábase na ideoloxía que se foi incrustando na sociedade durante todo o período fascista e que como describimos en anteriores capítulos desta serie era difundida a través do ensino e das organizacións

femininas ás que o réxime consagrou a formación das mulleres.

A ideoloxía sobre o xénero feminino tiña a súa base filosófica e moral na intelectualidade: relixiosos, médicos e literatos apuntalaban mentalidades a través de escritos que pretendían certificar a inferioridade *do sexo débil* (física e mentalmente) e facían recomendable circunscribir as súas funcións a cuestións domésticas e limitar o seu acceso a profesións necesitadas dunha maior cualificación.

No ámbito do traballo, a declaración de intencións plasmada no Fuero del Trabajo de 1938 de «liberarlas del taller y la fábrica» ía acompañada de teorías defendidas por representantes da clase médica que aludían ao perigo que para a maternidade supuña o traballo feminino:

Concretándonos a la mujer, merece la pena referir alguno de los factores sociales que pueden entrar en consideración como posible motivo de esterilidad o de infertilidad. Por ejemplo, el trabajo femenino. Todos los países que se han ocupado de la política racial han tenido especial preocupación de mantener a la mujer dentro del hogar, en sus propias ocupaciones. Fue bien popular el lema alemán: *Kirche, Küche, Kinder* (iglesia, cocina, niños).

(Dr. C. Fernández Ruiz:
La natalidad dirigida, 1952)

Non só se cuestionaba a conveniencia do traballo feminino no proceso de consolidación da familia tradicional e do melloramento da raza, senón que se puña en tela de xuízo a capacidade mental das mulleres para exercer actividades fóra do ámbito doméstico. É contundente a opinión do médico xesuíta Arvesu:

El organismo de la mujer está puesto al servicio de una matriz, mientras que el organismo del hombre se dispone para el servicio de un cerebro.

(F. Arvesu: *La virilidad y sus fundamentos sexuales*, 1962)

Ou do tamén xesuíta Francisco Peiró:

En general todo trabajo que requiere teoría, reflexión, fineza de juicio, espíritu de iniciativa y de empresa es incompatible con la mujer.

(F. Peiró: *Problemas de cada día*, 1955)

Na práctica, estas posturas traducíronse na exclusión da muller nos postos de maior rango administrativo e organizativo e na negación absoluta da súa capacidade para tomar parte en cuestións relativas ao dereito:

Me cuesta trabajo imaginarme a una mujer dictando una sentencia con todo rigor.

(F. Ruiz Járabo, presidente do Tribunal Supremo, 1972)

No eido da cultura, a muller é considerada como delicada musa do varón e obxecto do seu desexo ou como público trivial dado a reflexións pouco profundas:

En la presencia de la mujer presentimos los varones inmediatamente una criatura que, sobre el nivel perteneciente a la humanidad, es de rango vital algo inferior al nuestro. No existe ningún otro ser que posea esta doble condición: ser humano y serlo menos que el varón. En esa dualidad estriba la sin par delicia que es para el hombre masculino la mujer.

(J. Ortega y Gasset:
El hombre y la gente, 1957)

Si se exceptúa un posible hijo, de la mujer no debe esperarse nada importante.

(E. Jardiel Poncela: *Obras selectas*, 1971)

Nas relacións maritais, dominou un tipo de escravitude para coas mulleres que se plasmaba na negación da capacidade de vivir a súa propia sexualidade. As relacións sexuais son unha obriga que deben consumir as mulleres casadas co obxectivo de cumprir a súa función natural, a de ser nais:

La Mujer Cristiana lo será en tanto sigue siendo Mujer. Su maternidad no será ya instinto, sino deber, y al mismo tiempo expiación; su relación con el esposo no será pura carnalidad o mero contrato jurídico, sino misión a cumplir. Su naturaleza humana, apetente de bienes para sí [...] será limada, domeñada, sometida, por la caridad, el amor al prójimo, la solidaridad desinteresada con los demás.


(J. M. Contin: *La mujer cristiana*, 1953)

Pola contra, a natureza humana dos varóns non debía ser sometida, senón máis ben compracida, para que o marido non se vira obrigado a satisfacer as súas irrefreables necesidades sexuais fóra da súa relación marital:

La mujer no debe, bajo ningún pretexto, negar a su marido lo que le pertenece. Muchas mujeres que se lamentan de las infidelidades de sus esposos no quieren darse cuenta de que fueron ellas las culpables de la traición por no haber conocido a tiempo la enorme trascendencia de este consejo.

(Dr. Clavero Núñez:
Antes de que te cases, 1946)

DEMOCRACIA REAL, XA! ■



Nas relacións maritais, dominou un tipo de escravitude para coas mulleres que se plasmaba na negación da capacidade de vivir a súa propia sexualidade. As relacións sexuais son unha obriga que deben consumir as mulleres casadas co obxectivo de cumprir a súa función natural, a de ser nais

Reivindicacións da Plataforma Estatal de Asociacións de Traballadoras do Fogar

Con motivo do 30 de marzo, Día Internacional das Traballadoras do Fogar, a Plataforma Estatal de Asociacións de Traballadoras do Fogar,¹ volveu de novo á palestra para denunciar a precariedade laboral das mulleres que traballan neste sector e reivindicar a máxima equiparación dos dereitos laborais e de Seguridade Social destas traballadoras cós demais sectores. Esixen unha reforma que recolla:

▶ O recoñecemento da prestación por desemprego. As traballadoras do fogar son as únicas que non a teñen.

▶ Contrato escrito de traballo obrigatorio en todos os casos.

▶ Unha xornada máxima de 40 horas semanais tanto no traballo externo coma no interno. Cómpre que desapareza o tempo de presenza e, no caso das coidadoras, que gocen dun descanso mínimo de 10 horas entre xornadas.

▶ Nos traballos de coidado nocturno, unha xornada máxima entre as 21 e as 8 horas, non máis de cinco días semanais, coa obriga de que se aboan todas as horas a disposición da parte empregadora.

▶ Descanso de día e medio seguido á semana, especialmente para as traballadoras en réxime interno.

¹ Esta plataforma está integrada por: Asociación de Traballadoras de Fogar de Bizcaia; Asociación de Traballadoras de Fogar de Granada; Asociación Casa Madre de Empregadas de Fogar, Madrid (ACMEH); Asociación de Traballadoras de Fogar de Valladolid; Asociación de Traballadoras de Fogar de Illas Baleares; Asociación socio-cultural de Empregadas de Fogar Vicenta María, Madrid; Asociación de Traballadoras do Fogar Xiara, Galicia; Mensaxeiros da paz; Cáritas diocesana de Albacete; Cáritas española.



▶ Indemnización por cese igual que no resto dos sectores. Hoxe pódese despedir a traballadora cunha indemnización de sete días por ano ou forzala a que se vaia mediante un cambio das condicións, como, por exemplo, reducíndolle a xornada e o salario. Propoñemos o mesmo trato e as mesmas indemnizacións que rexen para calquera outro sector, tanto no caso de despido como cando a traballadora decida rescindir o contrato porque non se estean a cumprir as condicións pactadas.

▶ Contratación a través dos servizos públicos de emprego ou de empresas sen ánimo de lucro:

▶ Normalización da intermediación, de xeito que se regule para que as traballadoras no perdan ningún dereito e sexa posible a inspección e o control de tal intermediación.

▶ Desaparición das axencias intermediarias que actúan ilegalmente e se lucran a costa das traballadoras do fogar.

▶ Facilidades administrativas para a xestión burocrática da intermediación entre as familias e as traballadoras.

▶ Alta na Seguridade Social desde a primeira hora de traballo. Hoxe en día, as traballadoras do fogar só poden pedir a alta na Seguridade Social se traballan máis de 18 horas semanais o que deixa fóra desa protección moitas delas que traballan un número menor de horas.

▶ Obriga de cotizar sempre repartida entre empregadora e traballadora. As traballadoras de fogar están obrigadas a pagarse elas mesmas a Seguridade Social se traballan en máis dun domicilio, independentemente do horario que teñan.

▶ Recoñecemento do traballo que están a realizar as persoas estranxeiras, incluíndo o seu dereito a darse de alta na Seguridade Social. As traballadoras inmigrantes están coidando no noso país unha parte importante das persoas dependentes, pero mentres no teñen *papeis* no poden darse de alta na Seguridade Social. Esta situación pode prolongarse durante varios anos. Como estas persoas están contribuíndo a resolver as necesidades de coidado, na práctica permíteselles traballar, pero non se lles recoñecen todos os dereitos. ■

Dossier

Emprego doméstico

Nació en	Redondela	prov.	PONTEVEDRA
el	25 de Abril	de	1924
Hijo de	José		
y de	Carmen	E. civil	S
Prof.	s/l		
domic. en	Marín	prov.	PONTEVEDRA
calle	Gral. Mola		62
Expedido en	MARIN	prov.	PONTEVEDRA
el día	de 10 JUN. 1970	19	Caduca a los 5 años
Grupo sanguíneo:	Firma del titular, Mercedes Estévez		

Nació en	Redondela	prov.	PONTEVEDRA
el	3 de Noviembre	de	1907
Hijo de	Mcaust		
y de	Autornia	E. civil	LABORES
Prof.	LABORES		
domic. en	MARIN	prov.	PONTEVEDRA
calle	Calvo Sobelo		n.º 47
Expedido en	MARIN	prov.	PONTEVEDRA
el día	de 9 JUL. 1973	19	Caduca a los 5 años
Grupo sanguíneo:	Firma del titular, Carmen Rodríguez		

FELICIA ESTÉVEZ SALAZAR

O traballo doméstico

O traballo doméstico consiste na realización dunha serie de tarefas (fregar, lavar, pasar o ferro, limpar, ordenar, comprar, cociñar, coidar, coser...) que serven para facerlle a vida máis cómoda ao resto dos membros da casa, que así se poderán dedicar a estudar, viaxar ou ter un traballo remunerado. E malia aos progresos tecnolóxicos e sociais, hoxe segue sendo cousa de mulleres. Así, nunha enquisa do Instituto Galego de Estatística¹ sobre *Condicións de vida das familias* lemos:

En todos os grupos de idade os homes, sexan novos ou menos novos, seguen sen se responsabilizar das tarefas domésticas. Só hai un aumento do 10% entre os homes máis novos que realizan o traballo da casa, mais, aínda así non chega ao 25% dos varóns. Esta é unha desigualdade a nivel internacional e crea unha brecha entre homes e mulleres, polo uso do tempo medio diario non remunerado en tarefas domésticas, moi elevada.

O traballo e o emprego

Ademais, estas actividades domésticas teñen a consideración de *non traballo*. Por tanto, as mulleres que realizan as faenas da súa casa sen límite de horas constan como *non traballadoras*. Estes traballos que se realizan de forma gratuita e por amor *á familia* só teñen prezo cando se fan en casas alleas. É ao externalizarmos ese labor cando se lle dá un valor económico, aínda que sexa o máis precario dentro da categoría laboral.

Mal que nos pese, o traballo doméstico segue sendo hoxe unha responsabilidade das mulleres. Non esquezamos que ata o ano 1985 aparecía nos DNI aquilo de «profesión: s/l» (*sus labores*).

Contas satélite de produción doméstica²

Distintas investigacións fundamentan que o traballo doméstico xera un valor que se poderá contabilizar segundo o valor que adquiriría se esa produción doméstica fose vendida no mercado. Robert Eisher, expresidente da American Economic Association, recoñeceu que «a realidade do problema

¹ IGE: *Indicadores de xénero*, Santiago de Compostela, 2009

² *Conta satélite de produción doméstica 2003*, elaborado polo IGE. Publicado pola Xunta de Galicia, 2006.

non é tanto a invisibilidade do traballo doméstico realizado polas mulleres como a visión distorsionada da economía provocada pola súa exclusión». Sen compartir as ideas de Eisher na súa totalidade, si creo importante que in-

nos fogares. A importancia de incorporar nos PIB todo o traballo realizado na sociedade, tanto o remunerado coma o non remunerado, non se fai explícita ata os anos noventa. Mais é no ano 1996 cando o Eurostat recomenda que

guinte paso é calcular o valor deste traballo segundo o tempo empregado nestas actividades (horas x salario/hora⁵).

A *Enquisa de emprego do tempo* do ano 2003 indica que nos fogares galegos se emprega unha media diaria de 3.55 horas (2.30 h os homes / 4.52 h as mulleres) nas actividades domésticas. A este tempo aplicaríase o valor do salario da rama de actividades do fogar e sumariáse a cotización do réxime especial de empregados do fogar.

Estas CSPD deron como resultado que o valor engadido bruto (VEB) xerado pola produción das actividades domésticas en Galicia supuxo para o ano 2003 un total de 15.150 millóns de euros, que é o 37 % do produto interior bruto.

Hai varios aspectos a salientar tras a análise das CSPD: por un lado o cuestionamento sobre a produtividade ou non produtividade do traballo doméstico deixa de ter sentido, xa que a CSPD proporciona un valor monetario a estas actividades; ademais completa a realidade económica do país ao engadir ao PIB a variable da economía estendida; e, ao facer a media de tempo desagregada por sexos, visibiliza a desigualdade no desempeño das actividades domésticas que existe entre homes e mulleres, indicando tamén que a achega ao VEB das mulleres é dun 73,9 % fronte ao 26,1% dos homes.

Persoas que realizan as tarefas do fogar							
Menores de 30 anos		De 30 anos a 50		De 50 a 65		Máis de 65 anos	
mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes
75,1	24,9	78.4	21.6	83.2	16.8	85.1	14.9

Ademais, estas actividades domésticas teñen a consideración de *non traballo*. Por tanto, as mulleres que realizan as faenas da súa casa sen límite de horas constan como *non traballadoras*. Estes traballos que se realizan de forma gratuita e por amor á familia só teñen prezo cando se fan en casas alleas

doméstico do fogar

sista en que excluír o traballo doméstico como valor de mercado impide ter unha visión global da economía dun país.

Dentro do marco de produción recollido no SEC (Sistema Europeo de Contas)³ non aparecen as actividades producidas polo traballo doméstico, agás que estes servizos sexan remunerados, e tampouco se inclúen no produto interior bruto dun país. Mais o seu valor determínase nas chamadas *Contas satélite da produción doméstica*.

As Contas Satélite de Produción Doméstica (CSPD) teñen como obxectivo estimar o valor económico das actividades de produción e coidado realizadas

dentro do SEC-95 se elaboren as Contas Satélite de Produción Doméstica.

O Instituto Galego de Estatística elaborou a CSPD do ano 2003 incluíndo aquelas actividades que realizan os fogares pero que non se inclúen nas estimacións das contas económicas e non se consideran dentro da fronteira produtiva do SEC, mais de feito adquiren valor de mercado cando son actividades que se poden delegar nunha persoa allea ao fogar.⁴ A elaboración da CSPD galega parte da información proporcionada pola *Enquisa de emprego do tempo*, na que se recolle o tempo necesario para a realización das actividades domésticas necesarias para a vida. O se-

³ O Sistema Europeo de Contas (SEC-95) serve para analizar as operacións económicas que se realizan entre os suxeitos que interveñen na economía dun país.

⁴ Margaret Reid (1896-1991) analizou a produción do traballo doméstico na súa tese *The economics of household production* presentada en 1934. Foi a primeira muller que formou parte da American Economic Association.

⁵ O salario extráese das contas do IGE na rama «fogares que empregan persoal doméstico».

O emprego do fogar

Cantas veces, ante o desorde da nosa casa, teremos dito, *quen puidese ser Embruxada!*, lembrándonos daquela serie norteamericana na que Samantha, con só mover a punta do nariz, organizaba toda a casa. E moitas, moitas casas, dá igual como queden cando quen as ocupa sae pola mañá, volven ao seu estado de confortabilidade porque miles de Embruxadas acoden cada día a poñer orde, fregar, limpar, cociñar... E só se lles recoñece este traballo invisible cando non se fai.

Segundo Gema Jiménez Tostón:⁶ «o servizo doméstico sérvenos de termómetro para analizar como son e que dinámicas se dan no interior das relacións de desigualdade. Dentro da xerarquía social, as traballadoras do servizo doméstico atópanse nos estratos máis baixos, xa sexa pola súa condición de muller, de migrante, [...] de estranxeira, de pobre, ou dalgunha combinación de tales categorías. [...] As mulleres pobres serven á clase media e alta (desigualdade de clase); as mulleres son as que realizan as tarefas domésticas (desigualdade de xénero); as inmigrantes serven ás autóctonas (desigualdade de nacionalidades); as mulleres rurais serven ás familias urbanas (desigualdade rexional)».

A situación do emprego doméstico no Estado Español cambiou nos últimos anos tanto no perfil das familias empregadoras coma no perfil das empregadas:

► Nos anos cincuenta e sesenta as familias que tiñan empregadas do fogar pertencían a clase alta ou media alta. Actualmente, ben sexa pola incorporación das mulleres ao mercado laboral, pola carencia de recursos públicos ou pola falta de asunción dos varóns na realización de tarefas domésticas, hai maior demanda de emprego doméstico por parte de familias de clase media, que non poderían conciliar a vida familiar e laboral se non teñen unha empregada.

► O perfil das traballadoras do fogar tamén mudou: ata os anos sesenta as empregadas do fogar internas eran rapazas das zonas rurais que marchaban ás cidades *a servir*. Este termo xa nos indica a condición de servidume que tiña este traballo. Hoxe as empregadas internas adoitan ser inmigrantes procedentes maioritariamente de países menos desenvolvidos, sobre todo de América do Sur e Filipinas e nos últimos anos de Rumania e Bulgaria.

Mais, a pesar do tempo transcorrido, o que non variou foi a situación de discriminación que afecta ás persoas que traballan neste sector. Será pola falsa idea de que é un *non traballo*? Será porque a man de obra é feminina? Os datos falan por si mesmos.

Se observamos o número de persoas afiliadas na Seguridade Social en Galicia en decembro do pasado ano, comprobamos que das 20.281 persoas dadas de alta no «Réxime Especial de Empregados⁷ do Fogar», 431 son homes fronte ás 19.850 mulleres, é dicir un 2,12 % de varóns fronte a un 97,88 % de mulleres.

O número de persoas afiliadas neste réxime dista moito do número de traballadoras reais neste sector e isto

⁶ Gema Jiménez Tostón é profesora asociada do departamento de Socioloxía da Universidade de Castilla-La Mancha, Camp de Albacete.

⁷ A denominación en masculino é unha mostra máis das ironías da linguaxe.

Dentro da xerarquía social, as traballadoras do servizo doméstico atópanse nos estratos máis baixos





Afiliação ao «Réxime Especial Empregados do Fogar» (ano 2010)					
	Homes ⁸	Porcentaxe	Mulleres	Porcentaxe	Total
Outubro	423	2,09 %	19.854	97,91 %	20.277
Novembro	423	2,088 %	19.834	97,91 %	20.257
Decembro	431	2,12 %	19.850	97,88 %	20.281

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

ocorre por distintas razóns: a) se a xornada semanal é menor de 18 horas, non hai obriga de estar asegurada; b) a cota é fixa (164,60 €) e independente do número de horas traballadas e para al-

gunhas traballadoras resulta excesiva porque pode supoñer un 50 % ou mesmo un 60% do salario; c) en moitos casos a familia empregadora opta por non asegurar a empregada. Así é que hai



Diferenzas entre as prestacións do Réxime Xeral da Seguridade Social e o réxime especial dos empregados de fogar		
	Régime Xeral	Régime Especial de E. de Fogar
Contrato	Escrito	Escrito ou oral
Xornada máxima diaria de traballo	9 horas	9 horas máis o chamado «tempo de presenza a disposición do empregador»
Descanso semanal	36 horas consecutivas	36 horas (só hai obriga de 24 horas consecutivas e as outras 12 horas a pactar)
Descanso entre as xornadas	12 horas	10 horas para as empregadas externas, 8 horas para as empregadas internas
Pagas extras	2 pagas extra anuais correspondentes a 30 días de traballo cada unha	2 pagas extra anuais correspondentes a 15 días de traballo cada unha
Enfermidade	Baixa retribuída desde o 3º día	Baixa retribuída desde o 29º día
Desemprego	Hai dereito á prestación por desemprego	Non hai dereito a prestación por desemprego
Cotizacións á Seguridade Social	Cotización variable, desde a primeira hora de traballo e asumida pola parte empregadora	Cotización fixa (164,41 €) e por conta da empregada do fogar cando traballa menos de 20 horas semanais para a mesma familia empregadora. Non hai obriga de cotizar se se traballa menos de 18 horas á semana
Despido	Preaviso con 15 días	Preaviso con 7 días ou 20 días se hai máis dun ano de antigüidade

moitas traballadoras deste sector sen acceso a prestacións e dereitos sociais.

Ademais a existencia do Réxime Especial de Empregados do Fogar xa implica unha enorme brecha discriminatória entre as persoas afiliadas a este réxime e as que o fan no réxime xeral.

Esta discriminación existente durante a vida laboral da empregada do fogar continuará cando reciba a prestación por xubilación ou por unha incapacidade permanente.

Dos datos extraídos das estatísticas da Seguridade Social para o ano 2010 pode recollese que a media da pensión de xubilación no Réxime Xeral é de 1100,50 € mensuais, mentres que a media que cobraron as persoas xubiladas polo Réxime Especial do Emprego do Fogar foi de 490,40 €, menos da metade da pensión do Réxime Xeral. A mesma brecha aparece na pensión por invalidez permanente, mentres no Réxime xeral a pensión é de 943 €, no Réxime Especial de E. do Fogar a pensión corresponde a 474 €.

A eliminación dese Réxime Especial de Emprego do Fogar ten que facerse xa,⁹ non pode continuar por máis tempo un sistema que regulamenta de forma discriminatória un colectivo tan amplo de mulleres.¹⁰ ■

⁸ Nas estatísticas do IGE non aparece desagregada por nacionalidades a procedencia das persoas traballadoras no Emprego do Fogar, mais podemos dicir que a maioría dos homes afiliados neste réxime son estranxeiros.

⁹ A 100ª Conferencia da Organización Internacional do Traballo (OIT), celebrada o pasado 16 de xuño, adoptou por primeira vez na historia, unhas normas laborais internacionais que regulan as condicións das persoas que traballan no emprego doméstico. O *Convenio sobre as Traballadoras e Traballadores Domésticos* quedou aprobado por 396 votos a favor, 16 en contra e 63 abstencións.

Este novo regulamento foi o resultado dun traballo que empezou en marzo do 2008 e establece que os millóns de persoas traballadoras neste sector (cálculanse entre 53 e 100 millóns en todo o mundo) poidan ter os mesmos dereitos básicos que xa existen nos demais sectores. Só falta que os estados membros o fagan efectivo.

Entrevista a

Carmen Casal

Socia fundadora de Xiara

FELICIA ESTÉVEZ SALAZAR

Carmen Casal é socia fundadora da asociación de Empregadas do Fogar Xiara. Esta asociación creada no ano 2004 ten como obxectivo principal a dignificación do emprego doméstico. Un traballo que é imprescindible facer para levar adiante a vida cotiá e, non obstante, é considerado o máis baixo na escala laboral, sen convenio, sen dereitos, sen tan sequera un contrato no que se especifique as tarefas a realizar. É por iso que se precisan moitas asociacións como Xiara e moitos apoios sociais para cambiar unha situación inxusta desde o seu nacemento.



A: Carmen, contáanos como naceu Xiara.

CC: No ano 2002, en Santiago de Compostela formouse unha Plataforma pola Dignificación do Emprego do Fogar da que formaban parte sindicatos, asociacións de mulleres, asociacións veciñais, etc. A campaña máis importante que realizou foi a recollida de sinaturas en apoio das reivindicacións básicas deste sector, concretadas en equiparar a situación legal das empregadas do fogar á dos demais sectores. Estas sinaturas presentáronse aos tres grupos políticos do Parlamento galego a principios do ano 2003. A partir de aí vimos a necesidade de ter unha asociación das propias traballadoras e apareceu Xiara, que se constituíu como tal no ano 2004.

A: Xiara conta na actualidade con 40 socias, mais, habendo tantas mulleres que se dedican ao emprego do fogar, non cres que debería haber máis socias?

CC: Algunhas traballadoras do fogar non se asocian por vergoña, non queren visibilizarse realizando este traballo. Outras, como non se senten profesionais, non necesitan asociarse. Neste traballo hai moito intrusismo: mulleres que fan horas en casas para completar o salario do home; mulleres que traballan nisto esporadicamente mentres non atopan outro traballo... Aínda hoxe temos que repetir aquel lema dunha das nosas primeiras campañas, *O emprego do fogar tamén é unha profesión*. Porque mentres non nos concienciamos de que estamos a desenvolver un traballo tan importante coma calquera outro, non veremos a necesidade de unirnos para levar adiante as nosas reivindicacións. No ano 2009 fixemos unha campaña, *Achégate a nós*, que tiña como obxectivo central atraer traballadoras á asociación, facerse ver é importante. Esta é unha profesión que se realiza en solitario e temos que deixar de ser invisibles.

A: Por certo, tendes algún home na asociación?

CC: Si, si hai algún socio en Xiara, pero non é empregado do fogar. Coñecemos homes que traballan en coidados a domicilio, pero non realizan outras tarefas domésticas máis que as necesarias para o coidado.

A: Xiara é unha asociación nova e, con todo, fixo xa varias campañas reivindicativas importantes na cidade de Santiago, mais, como é a realidade nas outras cidades galegas? Existen asociacións semellantes noutros puntos da nosa xeografía?

CC: En Ourense e en Pontevedra hai grupos de traballadoras. Nós pretendemos que haxa máis asociacións, de feito xa participamos en mesas redondas en Vigo, na Coruña e a nosa idea, como a de calquera asociación, é animar as traballadoras a asociarse. Só a unión fará que

as nosas reivindicacións se escoiten, unha a unha a nosa voz pérdese, mais, se berramos cen, mil, dez mil... á vez... algo de máis caso nos farían.

A: A situación das empregadas do fogar, e dígo en feminino, arrastra desde hai moitísimos anos discriminacións moi salientables en relación a outros empregos. Por que cres que ocorre?

CC: O traballo doméstico é invisible, non se ve. Por tanto, as persoas que traballamos neste sector tamén o somos. Ademais, tal como dixeches ti, somos empregadas, máis do 91 % aquí en Galicia somos mulleres. As mulleres manexámonos mal niso de reclamar para unha mesma. Este é un traballo que se realiza en solitario.

Nós pretendemos que haxa máis asociacións, de feito xa participamos en mesas redondas en Vigo, na Coruña e a nosa idea, como a de calquera asociación, é animar as traballadoras a asociarse. Só a unión fará que as nosas reivindicacións se escoiten, unha a unha a nosa voz pérdese, mais, se berramos cen, mil, dez mil... á vez... algo de máis caso nos farían



O traballo doméstico é invisible, non se ve. Por tanto, as persoas que traballamos neste sector tamén o somos. Ademais, tal como dixeches ti, somos empregadas, máis do 91 % aquí en Galicia somos mulleres. As mulleres manexámonos mal niso de reclamar para unha mesma

A nosa loita está na desaparición dese Réxime Especial, que non esquezamos, é da época franquista. Este réxime supón unha merma nos nosos dereitos como traballadoras

Nalgúns casos, se traballas por horas, podes andar de casa en casa sen falar con ninguén; chegas a unha casa baleira, limpas e marchas para outra. Non te comunicas. Só, cando entras en contacto con outras mulleres que traballan no mesmo ca ti. Cando na asociación empezamos a falar das diferenzas con outros sectores é cando caes na conta de que o teu traballo non se valora, de que as traballadoras non temos dereitos, porque, de que vale que eu ou aqueloutra teñamos unhas casas moi boas se no conxunto non se recoñecen os nosos dereitos? Gustaríame coñecer algún home que traballe nisto, eu creo que o trato que se lles dá nas casas é outro. Non imaxino que os mangoneen como fan con nós. A min con 50 anos chamábanme *la chica*. Ben, os nomes, que afortunadamente xa non se empregan, son pexorativos en si mesmos *criada, mucama, muchacha, chacha, serventa...*, pero os homes que traballaban nisto eran *mordomo, chofer, xardineiro*, aínda que tamén había o *mandadeiro*. Eu acordo aquelas historietas de *Petra, criada para todo*,¹ pero daquela eu non me vía reflectida nese personaxe.

A: Como está afectando a última reforma laboral ao voso traballo?

CC: A nós prexudícanos e moito. Agora, se nas familias algún membro queda sen traballo pois non poden ter unha persoa para realizar as tarefas da casa, así que de rebote nós tamén sufrimos o paro. Ou o aumento de oferta, porque mulleres que antes traballaban nunha empresa de limpeza, nun supermercado, nun almacén cando van ao paro buscan traballo no noso sector.

A: A partir de xaneiro deste ano o Real Decreto de Salario Mínimo Interprofesional para o ano 2011 incorpora unha novidade que vós xa viñades reclamando hai tempo: «O empregador deberá aboar aos traballadores a cuantía íntegra do Salario Mínimo sempre en diñeiro... Sen poder computar no sm as percepcións en especie de ningún tipo, tales como aloxamento ou manutención».

CC: Isto afecta sobre todo as empregadas que están internas. Estás as vinte e catro horas do día a disposición de... e por riba podían quitarche do salario ata un 45 %. A min nunca mo retiraron, pero coñezo outras compañeiras que pasaron por esas. En Xiara sempre aconsellamos non ir de internas, é unha escravitude, estás en casa allea, non tes intimidade, ás veces tes que durmir no cuarto dos cativos... Pero as que veñen de fóra aceptan, porque aforran un aluguer e xa se sabe que nesas situacións es máis vulnerable e poden explotarte máis.

A: Hai reivindicacións que teñen que ver co cambio de lexislación, como é pasar do Réxime Especial ao Réxime Xeral da Seguridade Social, pero hai outras que teñen que ver co voso traballo cotián, como as resumirías?

CC: No Regulamento do Emprego Doméstico contémpase a posibilidade de facer o contrato oral ou escrito,

¹ *Petra, criada para todo*, era unha historieta do debuxante Escobar Saliente que apareceu na revista *Pulgarcito* entre 1954 e 1980.



pois a maioría fai contrato oral. Desde Xiara aconsellamos que, igual que nos demais traballos, a traballadora debería facer un contrato escrito. Ademais nel ten que constar cal vai ser o traballo a desempeñar. Non é igual unha casa sen crianzas que unha casa na que hai nenos. Hai que saber se tes que atender unha persoa maior, dependente, ou se só vas limpar. O coidado de persoas maiores está estipulado como «axuda a domicilio», pero sen embargo entra no traballo como se fose emprego doméstico. Algunhas persoas cando contratan unha empregada cren que teñen a *Petra, criada para todo* e os tempos cambiaron. Antes ás cidades chegaban as rapazas das aldeas *a servir*, menudo nome. Recomendábanas as leiteiras ou as mestras... Hoxe non teñen empregadas só as familias ricas, agora moita xente que traballa, ten que contratar alguén para poder conciliar vida laboral e vida familiar. Pero niso de carecer de contrato seguimos igual. Outra cuestión son as vacacións. Aínda que temos dereito a elas, moitas mulleres téñenas cando a familia empregadora marcha de vacacións, pero ese mes non llo pagan. Non hai máis denuncias porque hai necesidade do traballo, pero aquí debería funcionar a inspección laboral para impedir tantos abusos.

Pasa o mesmo coas pagas extras, temos dereito a dúas pagas extra anuais de quince días (a metade có resto, que as teñen de trinta días), pero, con todo, a moitas non llelas pagan.

A: Para seguir adiante coa reivindicación principal que sería a desaparición do Réxime Especial de Empregados² do Fogar e a inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, cales son as vosas actividades, contactos...?

CC: Xiara, aínda está empezando, nós temos contacto con outras asociacións. A Asociación de Traballadoras do Fogar de Bizkaia fundouse no ano 1985, así que xa ten longa experiencia, dela aprendemos moitas cousas. Elas denunciaron os atropelos das Empresas de Traballo que cobran uns prezos ás familias empregadoras e pagan moito menos ás traballadoras. Aquí tamén

Outra cuestión son as vacacións. Aínda que temos dereito a elas, moitas mulleres téñenas cando a familia empregadora marcha de vacacións, pero ese mes non llo pagan

houbo problemas con algunha axencia privada, así que reivindicamos que a oferta e demanda de emprego se faga a través dos servizos públicos de colocación e que se inspeccionen esas axencias con ánimo de lucro que se dedican a traficar coa man de obra cobrando comisións abusivas por facer de intermediarias. Nós formamos parte da Plataforma Estatal de Traballadoras do Fogar e participamos nas xornadas que se organizan desde esta plataforma.

Tamén en outubro do ano 2007 participamos nas I Xornadas de Emprego Doméstico que houbo en Galicia, que finalizaron coa estrea da curtametraxe que fixeramos nós, *Esquecidas*.

A nosa loita está na desaparición dese Réxime Especial, que non esquezamos, é da época franquista. Este réxime supón unha merma nos nosos dereitos como traballadoras: non se recoñecen as 36 horas de descanso semanal de forma continuada; temos a metade da paga extra; non existe a posibilidade de despido nulo; non hai prestación por desemprego; a cotización á Seguridade Social é fixa, dá igual que traballes 20 horas á semana que 60, sempre pagas a mesma cota; a baixa por enfermidade retribúese desde o día vinte e nove o non desde o terceiro día como no resto dos traballos, non se recoñece a existencia de enfermidades laborais. En fin... hai tanta desigualdade que moito teremos que pelexar. A min gustaríame retirarme cando as empregadas do fogar teñamos os mesmos dereitos cás traballadoras dos outros sectores. Cres que o chegaremos a ver? ■

² Réxime Especial de Empregados do Fogar. O nome mantén o masculino, aínda que o 90 % sexan empregadas.



Exemplos de elementos vexetais en rituais contra as enfermidades

Exemplos das Illas Británicas e Galicia

MILAGROS TORRADO CESPÓN

No século XXI estamos moi acostumados a coller o coche e ir ao médico ante calquera doenza. Moitas veces pensamos que non podemos esperar e imos a urxencias para saturar o sistema e facer que xente que realmente o precisa teña que aguantar nunha sala incómoda mentres outros se queixan por un constipado que só necesita ir á farmacia e gardar cama. Pero isto non foi sempre así. Non hai tanto, e falo de mediados do século XX, ir ao médico en Galicia non era tan doado e os remedios caseiros estaban á orde do día.

Nestes remedios as plantas e, incluso as árbores, xogaban un papel esencial. Nas Illas Británicas atopamos os mesmos elementos vexetais usados en ritos similares, mostrándonos de novo a conexión entre as Illas e Galicia. Noutras ocasións, as aplicacións dunha planta eran diferentes nun lugar ou noutro. Polo tanto, aínda que se existen eses nexos de unión comúns, hai cousas que se perderon co tempo.

Nalgunhas ocasións podíanse previr algunhas enfermidades facendo rituais complexos. Un claro exemplo é o cos-

tume que se seguía en parroquias coma a de Abanqueiro (Boiro, A Coruña) para que os nenos non collesen a tose ferina e tamén para curar aqueles que xa a sufrían. Varios nenos ían cabo dun piñeiro e daban nove voltas ao seu redor no sentido contrario ás agullas do reloxo. A cada volta rezaban un Pai Noso e unha Ave María ademais de recitar:

Pino que tienes la resina
Quítame esta toserina.

Unha cuestión interesante é o uso do castelán en lugar do galego. O tema

Unha cuestión interesante é o uso do castelán en lugar do galego. O tema da diglosia está tamén presente noutros rituais recollidos nas partes gaélico falantes das Illas Británicas onde o inglés se intercala cos idiomas nativos

da diglosia está tamén presente noutros rituais recollidos nas partes gaélico falantes das Illas Británicas onde o inglés se intercala cos idiomas nativos. Temos tamén que destacar o simbolismo do número nove, que ofrece de novo a conexión cos os habitantes das Illas Británicas, posto que é un número cunha carga ritual importante. Entre outros significados, o número nove representa a fertilidade (nove lúas son as necesarias para que unha muller teña un neno) e polo tanto representa a vida e a saúde. Debido a isto, empregar o número nove neste ritual é unha maneira de loitar contra a enfermidade mediante un contrario á natureza destrutora da enfermidade. Mentres se realiza todo este proceso, os nenos dan as voltas no sentido contrario ás agullas do reloxo, algo que tamén ten o seu sentido. Dar voltas no sentido das agullas do reloxo é unha maneira de renderlle culto ao sol como deidade. Co tempo, isto derivou nun rito polo cal se honra á persoa ou á

cousa á que se lle fai. Por exemplo, en Escocia, era costume recitar o seguinte o Día da Virxe (15 de agosto):

Chaidh mi deiseil m'fhardrach
an ainm Mhoire Mhathar,
agheall mo ghleidheadh,
a rinn mo gheidheadh,
a nimo ghleigheadh,
ann an sith, ann an ni,
ann am fireantas cri.¹

(Carmichael, A. 1900, 196-197)

Polo tanto, dar voltas no sentido contrario non acaba de encaixar neste remedio. Podemos pensar que desta maneira os artifices do ritual pretendían maldicir o piñeiro (ou a forza mágica que o representa) coa tose ferina para que así a combatese.

¹ Fun no sentido do sol arredor do meu fogar, / no nome da Nai María, / que prometeu coidarme, / e que me coidará, / con paz, con descendecia / con bondade no corazón.



Outra planta importante tanto no folclore galego como no das Illas Británicas é o sabugueiro. En Galicia usouse dende antigo para combater certas doenzas, pero nas Illas Británicas ten un significado moito máis místico



Follas de sabugueiro

Nos tratados medicinais do medievo inglés tamén atopamos o piñeiro para combater enfermidades. Un exemplo é o tratamento das enfermidades do fígado. Neste caso, o piñeiro aparece en combinación con outros elementos vexetais que parecen ser os que realmente actúan como medicina. Precisábanse tres ramiños de ruda que se somerxían en viño e tres recipientes con auga. Fervíanse estes últimos ata que quedase a terceira parte do líquido e botábaselles mel antes de poñelos a ferver de novo e despois darllo ao enfermo. Metíase e refregábase a punta dunha póla de piñeiro no viño e tamén se lle daba ao enfermo (Cockayne, O. 1863, 217). Como vemos, o uso do piñeiro aquí nada ten que ven co uso galego. Para entender estas aplicacións podemos botar unha ollada ás virtudes que se lle atribuían a esta árbore. A trementina, que se saca do piñeiro mediante incisións na súa tona, ten virtudes contra o catarro e a tose e úsase mediante inhalacións ou vapores. Por outra banda, o uso oral pode combater as inflamacións das vías biliares e urinarias (Font Quer, P. 1980, 92).

A ruda, que acabamos de mencionar en relación co piñeiro, tamén ten valor por si soa. A ruda é unha planta moi coñecida para protexer das bruxas e mal de ollo tanto en Galicia como nas Illas Británicas. A señora Pilar Iglesias, natural de Forcarei cóntanos o seguinte método de curación contra o mal de ollo no que se emprega a ruda: a persoa encargada de facer o ritual recita un encantamento e reza as oracións presentes nel tres veces seguidas ao día durante tres días:

En nombre del Padre,
Del Hijo,
Del Espíritu Santo, amén.
Este mal de ojo
Yo te lo sacaré
Con el poder de Dios
Y de la Virgen María.
Un Padrenuestro y un Ave María.

A persoa ten unha poliña de ruda en cruz que coloca sobre a persoa afectada. Primeiro na cabeza, despois no pei-

to e, por último, na barriga. Este ritual é bastante complexo se o comparamos cos usos que a planta ten nas Illas Británicas, onde a súa mera presenza é suficiente como protección. Como serve para combater a bruxería, non é de estrañar atopala en rituais coma o xa visto co piñeiro, posto que así podíase combater a enfermidade no caso que fose causada polo mal de ollo dunha bruxa.

Outra planta importante tanto no folclore galego como no das Illas Británicas é o sabugueiro. En Galicia usouse dende antigo para combater certas doenzas, pero nas Illas Británicas ten un significado moito máis místico. As súas flores eran usadas polos nosos maiores para mitigar a dor de ollos por medio de infusións que se aplicaban despois no órgano enfermo, algo que tamén nos confirma o tratado sobre plantas medicinais *El Dioscórides renovado* (Font Quer, P. 1980) Nas Illas Británicas o sabugueiro é considerado como unha árbore da sorte. Nunca se debía cortar ou a desgraza caería sobre aquel que o fixese. Aínda que parece que non se usaba para curar a dor de ollos coma en Galicia, si se usaba en relación con estes. O sabugueiro era (e aínda é nalgúns partes) un amuleto contra o mal de ollo. Por exemplo, en Kirkcubrightshire (Escocia) o gando protexíase poñendo na corte unha cruz feita de sabugueiro atada con la vermella (Mackay, R. C. 1997).

Tamén atopamos curas para unha enfermidade que, aínda que seguen un procedemento similar, empregan árbores diferentes. Un bo exemplo é o caso do raquitismo. En Cornualles, elíxese un freixo novo e féndese de xeito que o neno afectado poida pasarse polo burato resultante. Mentres, dous homes o manteñen aberto, a nai da criatura pásao a través tres veces (Thompson, C. J. S. 1995, 26). Isto mesmo faise en Galicia, pero en lugar do freixo, elíxese un carballo novo. Con toda seguridade ámbalas dúas prácticas teñen a mesma orixe, pero a árbore cambiou co tempo. A razón máis probable pode ser a abun-

dancia dunha ou doutra especie dependendo da zona.

A verbena é unha planta que tamén se emprega en remedios contra o mal de ollo tanto nas Illas Británicas como en Galiza. Por exemplo, en Ponte San Paio (Pontevedra) atopamos a seguinte prescrición para curar o mal de ollo:

Facer unha cataplasma con ovo de galiña negra e follas de verbena e colocala no ventre do neno cuberta cun pano de ebanisco.² Vintecatros horas despois aparecerán na cataplasma pelos de animal ou sangue de muller (Lis Quibén, V. 1980, 39).

Nalgunhas partes de Gran Bretaña coñécese como *Holy Herb* (herba sagrada) porque se cre que se usou para curar as feridas de Xesús Cristo. Debido a isto, cando se collen faise o símbolo da cruz (Alexander, M. 2002, 305). Por outra banda, tamén ten usos medicinais noutras doenzas máis evidentes, como é o caso das úlceras provocadas pola escrófula, como se recolleu no leste de Norfolk (Inglaterra), onde se emprega pendurando a súa raíz do pescozoo afectado (American Medical Association, 1912, 85) dando a entender que o seu poder era máis ben máxico. En Lancashire hai un dito sobre esta herba que data dos tempos da raíña Isabel I:

All-hele, thou holy herb, Vervin,
Growing on the ground;
In the Mount Calvary
There wast thou found;
Thou helpst many a grief,
And stanchest many a wound.
In the name of sweet Jesus
I take thee from the ground.
O Lord, effect the same
That I do now go about.³
(Harland, J. & Wilkinson, T. T. 1867, 76)

É evidente que a súa relación co Cristianismo é moi importante no seu folclore como herba de múltiples usos. Pero a súa mistificación está xustificada, xa que ten numerosas virtudes curadoras. A infusión das súas follas serve para depurar o sangue e é boa para os trastornos de fígado, riles e bazo. As cataplasmas de follas de verbena con vinagre son tamén beneficiosas contra as erupcións da pel (Font Quer, P. 1980, 636).

Estes foron algúns exemplos de plantas que podemos atopar en Galicia e nas Illas Británicas con moita facilidade. Polo xeral, non acostumamos a prestarlle atención cando as vemos ou nin tan sequera somos capaces de recoñecelas. O noso coñecemento sobre o uso das plantas non se pode comparar en absoluto co que tiñan as nosas avoas. Debemos ter en conta que a medicina popular é tan parte da nosa idiosincrasia coma as celebracións galegas máis pomposas. ■

Referencias bibliográficas

- ALEXANDER, M. (2002): *A Companion to the Folklore, Myths and Customs of Britain*, Gloucestershire, Sutton Publishing.
- AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION (editor) (1912): *Anglo-Saxon Leechcraft. An Historical Sketch of Early English Medicine*, Atlantic City, Burroughs Wellcome and Co.
- CARMICHAEL, A. (1900): *Carmina Gadelica Hymns and Incantations*, vol. I, Edimburgo, T and A. Constable.
- COCKAYNE, O. (1863): *Leechdoms, Wortcunning, and Startcraft of Early England*, vol. II, Londres, Longman, Green, Longman, Roberts, and Green.
- FONT QUER, P. (1980): *Plantas medicinales: El Dioscórides renovado*, Barcelona, Labor.
- HARLAND, J. & WILKINSON, T. T. (1867): *Lancashire Folklore*, Londres, Frederick Warne and Co.
- LIS QUIBÉN, V. (1980): *La medicina popular en Galicia*, Madrid, Akal.
- MACKAY, R. C. (1997): *Fachlaireachdo nan Druidheachd. A Glossary of Gaelic Magic*, Canadá, The Caledonian.
- THOMPSON, C. J. S. (1995): *The Hand of Destiny. Everyday Folklore and Superstitions*, Londres Senate.

² Lamanisco.

³ A que todo o cura, ti herba bendita, verbena / nacendo no chan, / no monte Calvario / alí onde fuches atopada; / axudaches en moitas dores, / e curaches moitas feridas. / No nome do doce Xesús / arríncote da terra. / Oh, Señor, leva ti a cabo / o que eu vou facer agora.



Verbena officinalis

A verbena é unha planta que tamén se emprega en remedios contra o mal de ollo tanto nas Illas Británicas como en Galiza

A infusión das súas follas serve para depurar o sangue e é boa para os trastornos de fígado, riles e bazo. As cataplasmas de follas de verbena con vinagre son tamén beneficiosas contra as erupcións da pel

A mirada distante de ÚRSULA HEINZE

ANXOS GARCÍA FONTE

A súa primeira novela, *O soño perdido de Elvira M.*, foi finalista do Premio Chitón de novela 1981 e publicada pola editorial Xerais en 1982

O contexto en que xurdiu

Entre a década dos oitenta e dos noventa do século XX lévase a cabo unha renovación sistemática da narrativa galega, impulsada polos novos retos que se presentaban no novo contexto político xurdido despois da morte de Franco. O discurso literario libérase en certa medida da pesada carga de ser o vehículo de expresión da ortodoxia nacional, gaña autonomía e empeza a constituírse como unha institución autónoma. Dixen en certa medida porque a débil institucionalización tanto do campo político como do campo literario (e en xeral do campo cultural) galego levan con frecuencia á intersec-

ción e á confusión de intereses dun e doutro.

En calquera caso, é innegábel que, coa instauración do chamado Estado das Autonomías, a aprobación da lei de Normalización Lingüística e a súa aplicación no ámbito do ensino e na política cultural das institucións, a extensión do galego en ámbitos formais esixiu unha masiva necesidade de materiais escolares e a familiarización de capas amplas da poboación coa variedade estándar escrita e literaria. A literatura galega adaptouse rapidamente a esta nova situación expansiva e o canon literario vaise ampliar por distintas fronteiras, unha das máis activas é a resul-

tante da incorporación dun número significativo de mulleres á produción literaria, significativamente ao xénero narrativo que ata ese momento tivera contadas autoras.

A obra narrativa das autoras activas durante estes anos ten en común a fría recepción crítica: poucas recensións críticas e, de habelas, na súa maior parte son moi negativas, ata o punto de serviren algunhas delas como arquetipo de crítica cegamente destrutiva. Porén, nos últimos anos, parte desta produción está sendo obxecto dunha revisión máis positiva que leva a pensar nun incipiente proceso de canonización, como sucede coa obra de Xohana Torres e M.^a Xosé Queizán. Non acontece o mesmo, por agora, coa obra de Úrsula Heinze quen, malia ser unha das autoras máis destacadas da época á que nos referimos, está totalmente esquecida por parte da crítica e das institucións literarias e académicas. Paréceme que é un bo momento para preguntarnos por que.

Unha escritora estranxeira para romper presupostos na literatura galega

Úrsula Heinze (Colonia, 1941) entra en contacto con Galicia e a súa lingua a través do seu matrimonio en 1968 co filólogo galego Ramón Lorenzo, a quen coñece durante a estada deste na universidade da súa cidade natal. Despois dun período dedicada ao ensino, como lectora de alemán na Universidade de Valladolid, instálase en Galicia para dedicarse por enteiro á escritura creativa e á tradución. A partir deste momento publicará incansabelmente durante as décadas dos oitenta e dos noventa, novelas, coleccións de relatos, literatura orientada aos lectores infantís, crónicas sociolóxicas, libros de entrevistas, poesía e traducións sempre en lingua galega. A súa primeira novela, *O soño perdido de Elvira M.*, foi finalista do Premio Chitón de novela 1981 e publicada pola editorial Xerais en 1982. A novela leva nas páxinas iniciais un pa-

ratexto que non debe pasarse por alto: «NOTA. Esta novela está feita coa colaboración lingüística de Ramón Lorenzo», unha aclaración que non volverá a aparecer nas seguintes obras que publicará a autora.

Non é esaxerado dicir que durante estas dúas décadas, a dos oitenta e a dos noventa, conseguiu colocarse nun lugar central do campo literario galego. Algunha das súas obras, como *Xente coma min* (1989), tiveron un grande éxito comercial, mentres que outras foron recoñecidas cos máis prestixiosos premios do panorama literario galego: *A casa abandonada*, Premio Merlín, 1986; *Culpable de asasinato*, Premio Blanco-Amor 1993 e Premio Losada Diéguez 1994. Ao mesmo tempo, é obxecto do interese de escritores doutros campos literarios, de xeito que algunhas das narracións curtas foron traducidas a outras linguas e divulgadas a través de antoloxías colectivas de autores galegos ou internacionais e a súa última novela, *Culpable de asasinato*, ten edición en rumano. Outro aspecto destacado da escritora é o seu labor de divulgación cultural nos medios de comunicación, tanto na radio, *Radio Galega*, coma na prensa diaria, *El Correo Gallego e Galicia Hoxe*, colaboracións que contribuíron a asentar unha imaxe autorial sólida durante os anos de maior actividade. Úrsula Heinze chegará a presidir o PEN Clube galego entre 1991 e 1995.

Porén, Úrsula Heinze tense confesado nalgunha ocasión insatisfeita da recepción da súa obra en Galicia (Vilavedra, 2007: 10, 145- 151). Se cadra a insatisfacción ten que ver cunha certa dificultade para franquear a barreira de incompreensión que existe entre unha emisora e uns receptores cuns referentes culturais moi diferentes –aínda que ela alude máis ben á crítica e a mediadores culturais e non ao público en xeral–. Esta falta de sintonía, malia os importantes premios que obtivo e o lugar privilexiado que ocupou como representante dos escritores e escritoras galegos no ámbito internacional, é a razón que esgrime á hora de explicar



Non é esaxerado dicir que durante estas dúas décadas, a dos oitenta e a dos noventa, conseguiu colocarse nun lugar central do campo literario galego

A obra narrativa de Úrsula Heinze non responde ao que poderíamos chamar un programa pedagóxico da axenda feminista



a súa decisión de abandonar o cultivo da narrativa en galego a finais dos noventa para volver á poesía na súa lingua materna, o alemán.

Onde encaixamos a unha escritora que se declara non feminista?

A obra narrativa de Úrsula Heinze non responde ao que poderíamos chamar un *programa pedagóxico da axenda feminista* como detectamos na obra doutras autoras como M.^a Xosé Queizán ou, máis recentemente, Teresa Moure. Ela mesma declarou, nunha entrevista que me concedeu en xullo de 2010, que non se considera feminista. Porén, unha revisión sen prexuízos da súa obra narrativa (deixando á parte a súa extensa produción de literatura infantil e xuvenil) e mesmo daquelas obras que se poden situar nas fronteiras do xénero narrativo e xornalístico, como *Arredor da muller en 18 mundos* (1985) e *Mulleres* (1991), déixannos ver o interese por mostrar e profundar na experiencia das mulleres, tanto na súa vertente social como psíquica. A importancia destes libros de entrevistas non pasaron desapercibidos para a crítica galega feminista (Blanco, 1991) que, malia todo, mantén a súa distancia con respecto a esta escritora que presenta moitas dúbidas con respecto a calquera clasificación nun determinado grupo ideolóxico ou artístico.

A análise das súas obras descóbrenos unha constante evolución, tanto desde o aspecto formal como da elección e o tratamento de temas implicados na teoría feminista. Desde *O soño perdido de Elvira M.* e *Remuíños en coiro* ata *Culpable de asasinato*, esta evolución está marcada por unha maior implicación co punto de vista dunha muller en pleno proceso de cambio, na análise dos conflitos psíquicos e sociais cos que ten que loitar para conseguir a felicidade. Eu outorgo un papel destacado neste proceso ás dúas obras fronteirizas das que antes falamos: *Arredor da muller en 18 mundos* e *Mulleres*. No prólogo de *Arredor da muller en 18 mundos* a autora mós-

trase plenamente consciente da novidade que supón este libro dentro da cultura galega, tanto por achegarse ao tema da muller galega como polo enfoque escollido, no que se lle cede a palabra a mulleres de moi diferentes ámbitos sociais e culturais para que reflexionen sobre as súas experiencias e temas sociais (a integración das mulleres na vida laboral, o matrimonio, o divorcio, o aborto, a familia, etc.). O resultado, tanto pola audacia do experimento formal que supón abrir as portas de par en par ao plurilingüísmo (a maneira de falar de cada unha das entrevistadas respéctase e non se interrompe o fluxo discursivo por parte da entrevistadora, dando a impresión dun fluído monólogo), como pola importancia de documento social que adquire, é verdadeiramente sorprendente. Efectivamente, algunhas das liñas de traballo expostas no prólogo de *Arredor da muller en 18 mundos* serán desenvolvidas na súa obra narrativa: a tensión entre o ámbito privado e o ámbito público para as mulleres das sociedades occidentais, a disxuntiva entre a adopción dunha actitude pasiva ou activa perante a vida, os obstáculos que supón a conquista dunha maior independencia con respecto á familia e á parella e o papel dos condicionamentos psicolóxicos e sociais implícitos na educación feminina en todo isto.

Realismo moderado que foxe da pedagogía explícita

Se hai un trazo co que eu definiría a narrativa de Úrsula Heinze sería, sen dúbida, a contención narrativa, que se manifesta na elección duns cantos detalles na caracterización dos personaxes o suficientemente elocuentes en si mesmos para achegar toda a información necesaria, o que permite manter ao narrador limitado á mínima expresión. Esta técnica obriga ao lector a afinar a súa capacidade de percepción e, ao mesmo tempo, outórgalle liberdade para crear imaxes xamais entorpecida ou mediatizada polos comentarios ten-

denciosos dun narrador. Os movementos atrapallados de Anaiansi cando coñece a Xelmírez, colocándose o sombreiro e alisando a saia mentres lle caen os folios e bolígrafos, son o suficientemente explicativos sobre o pudor da esaxerada conciencia corporal inculcada ás mulleres na nosa cultura. A perda da omnipresente bufanda de Mariñas en *Culpable de asasinato* alerta do destino que lle agarda á paixón que a protagonista sente por este personaxe, por moitas medidas paliativas que intente aplicar. E así poderíamos continuar analizando un a un cada relato ou novela firmados por Úrsula Heinze. A importancia dos detalles carga de simbolismo moitas das súas páxinas dotando as narracións dunha complexidade pouco común, de xeito que a literatura fala por si mesma a través de signos profundamente incrustados na tradición cultural.

O interese na subxectividade feminina, na complexidade das relacións sexuais e de dominio entre homes e mulleres, no peso da familia como institución opresiva e afectiva ao mesmo tempo, son comúns a outras escritoras declaradamente feministas. O que distingue a Úrsula Heinze do resto das narradoras coas que compartiu a consolidación dun espazo dentro do campo literario galego para as mulleres, é a súa actitude narrativa e a vantaxe de ser capaz de distanciarse cultural e ideoloxicamente dos temas que trata.

O repentino abandono da actividade literaria en galego, así como a súa ausencia dos medios de comunicación e foros intelectuais, débese ao desencanto pola maneira de funcionar do campo literario galego onde nunca se sentiu *da casa*, con toda a carga significativa que poida ter esta afirmación con respecto ao seu funcionamento, mais tamén ao seu difícil encaixe dentro dun campo literario que goza dunha autonomía aínda débil onde é moi difícil sobrevivir fóra da protección dalgunha das etiquetas *ideolóxico-artísticas* consolidadas nos últimos anos. ■

Bibliografía

- BLANCO, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*, Vigo, Xerais.
- FIGUEROA, Antón (2001): *Nación, literatura e identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*, Vigo, Xerais.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena: «A literatura galega de mulleres: unha perspectiva sistémica», *Anuario de Estudios Galegos 1999* (Vigo, Galaxia, 2000).
- (2003): «Mulleres e ficción en Galicia ou a necesidade de superar os estados carenciais», en Belén FORTES (ed.): *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco (pp. 45-60).
- (2005): *Elas e o paraugas totalizador*, Vigo, Xerais.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán (1991): *Silencio, parodia e subversión. Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*, Vigo, Xerais.
- (1994): *Literatura e sociedade en Galicia*, Vigo, Xerais.
- (1995): «Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega», *Anuario de Estudios Galegos 1994* (Vigo, Galaxia), pp. 67-81.
- (1996): *A narrativa galega actual (1975-1984)*, Vigo, Xerais.
- TARRÍO VARELA, ANXO (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo, Xerais.
- VILAVEDRA, Dolores (1999): *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia.
- (2007): «Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina», *Madrygal*, 10, pp. 145-151.
- (2010): *A narrativa galega na fin do século. Unha ollada crítica dende 2010*, Vigo, Galaxia.
- VV. AA. (2002): *Proxecto Galicia*, tomo XXXIV: *A Literatura desde 1936 ata hoxe: Narrativa e Traducción*, A Coruña, Hércules.

[...] e mesmo daquelas obras que se poden situar nas fronteiras do xénero narrativo e xornalístico, como *Arredor da muller en 18 mundos (1985)* e *Mulleres (1991)*, déixannos ver o interese por mostrar e profundar na experiencia das mulleres, tanto na súa vertente social como psíquica



Elvira: labrega, cociñeira e mariscadora

ARIANA LOURO FREIRE*

En Agrelo, unha pequena aldea do concello de Noia, naceu o 13 de xuño de 1935 Elvira, a menor de sete irmáns, no seo dunha familia moi humilde, rodeada de conflitos polas terras.

Os primeiros anos da vida da protagonista, así como toda a súa adolescencia, estiveron marcados pola ausencia do seu pai, asasinado por uns lindes das fincas. A pesar de que súa nai non era pobre, quedou viúva cando estaba encinta dela, o que fixo que tivesen complicacións para saír adiante:

Eu xa non coñecín a meu pai, miña nai estaba embarazada cando el morreu... Mamá estaba soa na súa tarefa de coidar de todos nós... Sempre estaba enferma e non podía traballar coma outras mulleres... Sufriu moito dende sempre. Menos mal que José, era o maior de todos, era o que a axudaba ata que o chamaron para ir á guerra e tivo que marchar...

Dende que era unha nena tivo que axudar nas tarefas do fogar e tamén ir a traballar ao agro, levantándose moi cedo tódolos días para atender aos animais. Pero ademais disto, ía a vender á praza os alimentos que recollían na leira e tamén o que obtiñan dos animais que criaban na casa:

Nin eu nin os meus irmáns puidemos ir á escola, porque non tiñamos quen gañara nada para comer e tiñamos que traballar nós na terra para iso... O pouco que sei de ler e escribir ensinouno a miña nai, porque ela si que puidera ir á escola ao ser filla única, que naquel tempo era unha vantaxe. [...] Ía coa miña irmá Carme á praza a vender, leváballe un cesto a ela, que quedaba vendendo e eu volvía á casa a buscar outro, eran cinco quilómetros para alá

* Ariana é neta de Elvira.

LEMBRANZAS dunha época

e cinco para acá, co cesto á cabeza. Marchabamos ás seis da mañá. Despois de levar o outro cesto, chegaba eu e aínda tiña que facer o traballo da casa e ir á herba para os animais.

De moza, ía ás festas coas amigas e veciñas e alí coñeceu a Antonino, músico dunha orquestra que amenizaba as festas dos arredores, o que sería o seu marido tempo despois, á idade de 21 anos:

Cando era o domingo saíamos e íamos ás festas se as había. Andabamos bailando cos gaiteros e nas festas. Iamos todos os veciños e veciñas xuntos, cando viñamos para a casa era cando viña o mozo comigo ata a porta, porque antes todos andabamos en reunión. Antes as vodas non eran como agora, había quen as facía na casa, pero eu fixena nun restaurante e foron as familias dos dous.

Elvira tivo cinco fillos, tres homes e dúas mulleres. O primoxénito naceu en 1957 e a primeira muller un ano despois. Foron tempos difíciles nos que o seu esposo estaba traballando en alta mar en países estranxeiros e ela tivo que afrontar o coidado e a educación dos nenos, facendo de nai e de pai:

Despois de que naceu a nosa terceira filla, el marchou para o mar que aquí non gañaba, traballou de albanel e tamén continuaba sendo músico. Eu seguía facendo o mesmo que facía antes, traballar na casa e nas leiras, coas vacas, co carro e con todo. Foi neste momento cando empezamos a construír a casa, gañamos cartos para facela. Miña nai cedume o solar, o sitio, e fixen a casa que ao primeiro era de planta baixa e despois lle demos o alto.

Antonino enfermou en Sudáfrica, e non pensaron en que puidese chegar con vida a Santiago de Compostela, polo que Elvira marchou ela soa para Madrid sen coñecer nada do lugar, para coidalo seu marido, deixando aos seus fillos durante seis meses na aldea ao coidado da súa avoa:

Chegoume un telegrama, que fose para Madrid, que viña enfermo e que tiña que ir a coidalo ao hospital. Fun en avión, foi a primeira vez que subín a un, e recolleume unha sobriña que estaba alá e levoume para o hospital. Despois tiveron que coller unha pensión. Había outra muller de Galicia, de cerca de Vigo, e era a persoa que me facía compañía. Botaba de menos aos fillos e falaba coa máis vella, que era a que ía a unha aldea do lado para poder falar, porque en Agrelo non tiñamos teléfono ningún. Estiven seis meses alí ata que lle deron a alta, pero despois tiña que ir ás revisións a Madrid outra vez.

Ao regreso da capital, e ante a enfermidade que incapacitaba ao home, comezou a traballar nun restaurante coñecido da vila. Alí traballou na cociña e nas tarefas da casa, converténdose nun piar importante neste negocio, pero tivo complicacións debido á distancia entre o fogar e o lugar no que traballaba polo medio de transporte:

Empecei a traballar no restaurante porque non chegaban os cartos, cobraba pouco e tiveron que ir a traballar. Vin un anuncio de que buscaban unha empregada e fun alí. Tiñan un piso no que daban durmidas e eu facía as camas e limpaba, ademais axudaba na cociña. Para chegar collía o autobús pola mañá cedo e estaba fóra da casa todo o día, traballaba de sol a sol e chegaba á casa cando xa era noite.

Os tres fillos maiores casaron e fixeron as súas vidas, e os máis novos tamén emigraron para traballar. Tras anos traballando na cociña, decidiu deixalo e volver a dedicarse ao marisqueo, ata o momento no que se retirou, acompañada da súa filla, que vivía na casa:

A filla veu a vivir con nós para coidar ao seu pai. Despois de que morrese, deixei de traballar na cociña e seguí nas leiras e no marisqueo. Había que ir ao mar dependendo das mareas, podías ir á madrugada, a media mañá ou pola tarde. Ía no coche da filla, vendíamos os berberechos e a ameixa na lonxa e volvíamos para a casa. Dábannos vales para cobralos na fin de semana no banco. Así que cumprín os sesenta e cinco anos, retireime.

Agora, Elvira vive cun dos seus fillos máis novos. Segue traballando no campo para ter os seus propios alimentos e, cando ten a oportunidade, aproveita para coñecer mundo (como ela mesma di) e ver o que non puido de máis nova, visitando distintos lugares xunto cunhas amigas:

Desde que me retirei vivo a vida. Vou de vacacións algunhas veces e non vou máis porque non se pode estar sempre de paseo, porque hai outras obrigas. Nas festas parroquiais intento xuntar a toda a familia, esa é a data que máis me gusta do ano.

Despois de tanto traballo e esforzo, Elvira séntese feliz por estar rodeada da súa familia. ■

Libros



A Veiga é como un tempo distinto

MOREDA EVA: *A Veiga é como un tempo distinto*, Vigo, Xerais de Galicia, 2010, 120 páxinas

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Os nosos parabéns para Eva Moreda e a súa última novela *A Veiga é como un tempo distinto*, gañadora do Premio Terra de Melide 2010. A autora diseña nesta obra unha trama sinxela, narrada sen pretensións, pero con moita desenvoltura e fluidez. A novela, que atrapa desde as primeiras páxinas, é unha historia de mulleres contada en primeira persoa por unha voz masculina.

Ambientada no Londres dos anos sesenta, recrea o vello tema da emigración galega. Un feixe de mozas e mozos da terra e as súas familias buscan traballo na capital londiniense. As condicións e os soldos son bos, pero a alienación apodérase decontado dos que se instalan. Ángel, a voz narradora, asumirá sen problemas o seu novo nome, Martin (ou Martiño), pois o xefe do restaurante onde traballa non se afai a chamalo Éinllel (Ángel na pronuncia inglesa) e Gelo, o nome familiar, antóllaselle demasiado próximo ao *hello* co que se saúda en Londres aos acabados de chegar. É por iso que Ángel pasa a ser Martin ou Martiño «polo apelido. Seica tampouco dá pronunciado Martínez». Velaí o poder alleante da lingua.

No bar de Portobello Road onde se reúnen os galegos as fins de semana,

Ángel-Martiño case non dá recoñecido as dúas mozas da Veiga, a súa aldea natal. A roupa e os cabelos Twiggy fanas pasar por dúas «inglesiñas». Son Lidia de Piantón e Elisa dos Barreses.

A Elisa tamén lle mudaron o nome ao pouco de chegar. Os seus contactos na cidade do Támesis xa asumiran «que as súas novas limpadoras se chamarían Manuela, Lidia e Luísa, e quedoulle Luísa. Ou Louis». Tras unha etapa de asimilación, Elisa-Luís pasa a ser Elisa-Liz, un paso máis na alienación e adaptación profunda da nova sociedade que acolle, sen problemas pero sen demasiadas amabilidades, ás traballadoras galegas. Avanza a trama da novela e a moza con ela, é a hora das *unions*, das loitas sindicais polos dereitos das traballadoras e traballadores, a defensa fronte aos patróns, o *welfare* e os *civil rights*. Elisa, recuperando o seu nome, abandeira a loita e asume con entusiasmo e determinación un discurso no que cre sen reservas.

Ángel, testemuña do percorrer da súa veciña da Veiga na emigración, esforzase en entender o mundo das mulleres. A través dos seus ollos descubrimos os abortos e os anticonceptivos, as loitas sindicais e a adaptación a uns cos-

tumes sexuais impensables na Veiga. Pouco a pouco revélanos tamén o pasado na aldea dos que agora residen na gran cidade. O contraste e a comparación das dúas realidades (*A Veiga-Londres*) serven para reflexionar sobre as orixes, o futuro e o pasado.

A Veiga é como un tempo distinto é a radiografía dunha época, dunha transformación, da moda e da música dos anos sesenta, conxugadas cun final no que sorprende a vontade de regresar á Veiga de Elisa dos Barreses, a mellor adaptada do grupo, a máis *inglesa* dos traballadores galegos. ■

As silenciadas

Documentario sobre as guerrilleiras antifranquistas

AURORA MARCO

Coa sublevación militar de 1936, centos de mulleres comprometidas coa legalidade e cos valores cívicos e sociais que representaba a República foron asasinadas, encarceradas, torturadas, violadas, peladas, recluídas en campos de concentración; inhabilitadas, multadas, vixiadas; sufreron incautación de bens ou tiveron que partir ao exilio nunha viaxe, para moitas, sen retorno. Durante anos, o silencio acompañou a todas estas vítimas da represión –e ás súas familias– nun exercicio de ocultamento, e de esquecemento, absolutamente inxusto. A súa é a crónica das silenciadas sen voz e sen letra. Porque foron obxecto dunha dupla falta de memoria: por seren desafectas ao novo réxime e pola súa condición feminina. Pronunciar/ escribir os seus nomes –o que non se nomea non existe–, visualizalas, é unha forma de contribuír a inscribilas na historia, de facerlles xustiza e de homenaxealas.

A represión, que mostrou diferentes facianas, foi especialmente cruel coas mulleres, mais as dimensións e a ferocidade dos métodos utilizados coas guerrilleiras foi brutal. Alén da violencia exercida contra elas –violencia sexual, en moitos casos, porque o seu corpo se utilizou como campo de batalla–, houbo tortura moral ao lles negar o recoñecemento do seu compro-

miso antifranquista e ao facelas pasar, non só como *bandoleiras*, senón tamén como as *queridas*, as *amantes* dos guerrilleiros. Neste sentido, o testemuño da guerrilleira Consuelo Rodríguez López, *Chelo*, é esclarecedor: «Naquel tempo ás mulleres que tiñamos relacións con guerrilleiros chamábanos as putas dos *roxos*. Eran os fascistas e a Garda Civil os que o dicían. É algo que non admito. As guerrilleiras loitabamos pola liberdade e contra Franco. Nada tiñamos que ver coa imaxe que daban de nós».

Neste contexto, de recuperación e homenaxe, enmárcase o documentario histórico *As silenciadas* do novel realizador Pablo Ces, centrado en seis historias do libro de próxima publicación *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*, da autoría de quen asina este artigo. Historias protagonizadas por mulleres que, malia seren a columna vertebral da resistencia antifranquista, seguen a ser ignoradas ou esquecidas. As guerrilleiras da chaira, ou enlaces, e as guerrilleiras do monte cuxas historias se recuperan pertencen ás Terras de Valdeorras-Ourense (tres historias), de Montefurado (Lugo), de Sandiás (Ourense) e de Mugaridos (A Coruña). Todas elas axudaron cos seus actos de resistencia ás dúas organizacións que operaron en Galiza na década de 1940: a Federación



Consuelo Rodríguez López, *Chelo*, e Aurora Marco en Ile de Ré (agosto 2010)

de Guerrillas León-Galicia e o Exército Guerrilleiro. Por colaboraren con elas foron duramente represaliadas: morte, cárcere, tortura física e psicolóxica, exilio...

Producida por MrMisto Films S. L., con música do compositor Pilo Sierra, a longametraxe documental *As silenciadas* (www.silenciadas.com) estreouse na Domus da Coruña o 8 de abril pasado, proxectouse en diferentes vilas e cidades e estanse a pechar novas datas en diferentes localidades, co obxectivo de dar a coñecer –en especial ás novas xeracións, que descoñecen parte ou todo daquel pasado– o papel que xogaron as mulleres na resistencia antifranquista. Porque as guerrilleiras, e as represaliadas en xeral, forman parte do mural da inxustiza, da violación dos dereitos humanos, do terror. Forman parte do mural da dor. Por iso con todas elas están a miña solidariedade e o meu corazón. ■

Filmes



DOLI, DOLI, DOLI... COAS CONSERVEIRAS. REXISTRO DE TRABALLO

Documental de Uqui Permui (2010)

ANA ARELLANO

FICHA TÉCNICA

Duración: 57'

Formato: DVD, Color

Ano: 2010

Coa participación de: Loli Romero Cores, Luz García Vigo, Benita García Dios, Carmen Ferro Dios, Mar Suárez Manteiga, Oliva Dios Núñez, M^a Jesús Dios Núñez, Carmen Outeda Castro (A Meca), Mari Carmen Miguéns Castro, Juana Rial Blanco, Carmen Barreiro, María Xosé Molina e Teresa Rodríguez

Dirección e realización: Uqui Permui
Música orixinal: Xesús Valle
Cámaras: Uqui Permui e Xacio R. Baño
Edición e posproducción: Darío Fernández
Produce: [sic] laboratorio audiovisual
<http://www.sic-lab.net/?q=node/97>
Coa colaboración de AGADIC

Este é o primeiro documental longo de Uqui Permui, aínda que xa tiña experiencia no campo audiovisual por outros traballos anteriores; a primeira curta, do ano 2007, *Asuntos internos*, coproducida con Xoán Anleo, tivemos ocasión de vela na primeira edición de Mufest.

Uqui, compaxina o seu traballo no estudio de deseño e comunicación visual uquicebra.com coa creación de proxectos en variados formatos mostrando en todos eles a súa ollada crítica sobre o entorno social e unha preocupación especial polo mundo e o traballo das mulleres, como neste *Doli, doli, doli...*

A partir dun vídeo da OTTS (Organización das Traballadoras e Traballadores do Salnés) que se gravou no ano 1989 durante o peche das traballadoras de Orosa, onde se recollía a loita da-

queas mulleres que despois de levar trinta ou corenta anos na fábrica se atoparon con que non había constancia documental de todos eses anos de traballo, a loita traspasou os muros da fábrica e espallouse por toda a illa conseguindo a solidariedade de todo o pobo expresada en manifestacións e folgas xerais na Illa de Arousa.

Doli, doli, doli, entrecruza en tres liñas argumentais o que foi aquela experiencia colectiva na Illa de Arousa, cos recordos e as opinións actuais das protagonistas e cunhas imaxes do traballo nunha conserveira e da vida cotiá de Loli Romero, delegada sindical de Conservas Alfageme, empresa que na actualidade está a pasar por un conflito que ten moitos puntos en común co que foi o de Orosa.

Con esta tripla ollada podemos facernos unha idea de como era e como



Fotografía cedida pola OTTS



é o traballo nas fábricas de conserva e a relación laboral das mulleres. A liberdade con que se expresan as traballadoras, tanto no vídeo de 1989 como no gravado agora, dá unha frescura especial ao documental mostrando sen reparos nin censuras a realidade dese sector no que as mulleres son maioría, onde os poucos homes que hai ocupan os postos mellor remunerados e cómodos.

As fábricas modernizáronse e as traballadoras agora están recoñecidas, pero en moitas ocasións o traballo das conserveiras segue a considerarse un complemento do salario do seus compañeiros, aínda que en moitos casos vivan elas e os seus fillos unicamente deses ingresos.

Desde a estrea o pasado abril na Casa Museo Emilia Pardo Bazán na Coruña, o documental tense difundido en

moitas vilas de Galicia. En Santiago, a revista *Andaina* organizou un pase cun debate posterior que foi moi participativo. Especialmente emotivo foi o pase na Illa de Arousa, onde o público abarrotaba o local do concello, situado nos terreos onde estaba Odosa. E de Galicia marcha seleccionado para participar na 19ª Mostra Internacional de Films de Dones de Barcelona. ■



AQUANOVA
viajes

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



CARTELES
Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

anda!na

revista galega de pensamento feminista

Nome Apellidos

Enderezo Localidade

..... Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina** a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano *Tarifa de apoio* 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo Data

Transferencia bancária á cta. de Andaina Bco/Caixa

(Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301) Oficina

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e Localidade

enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
Atentamente:

Nome Apellidos

Sinatura do/a titular da conta:

PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Galo, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesant.org

Nome:
Apellidos:
Enderezo:
C.P.: Localidade:
Telf:

Cuota anual: | 30,05 euros.
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada

Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume

Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena

Rúa Michelena, 22

Librería Paz

Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Praza de Cervantes, 6

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama

Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

Centro de Información ás Mulleres

■ CONCELLARÍA DE IQUALDADE ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a túa disposición o Centro de Información ás Mulleres

Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais

Estamos a túa disposición na rúa
Isaac Díaz Pardo, 2-4
(xunto ao antigo hospital de Galeras)

Teléfono: **981 542 465**
Email: **cim@santiagodecompostela.org**



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellaría de Benestar
Social e Igualdade

É unha moza de apenas vinte anos cando intervén o 20 de xuño de 1909 no primeiro mitin rural que se organiza na campaña contra os foros que se celebra en Tomiño (baixo Miño).

Carmen Álvarez

Ela, como outros oradores, Jacinto Crespo –que se dirixe ao público en galego–, Julián Estévez, ambos do concello de Lavadores, pertencen á sociedade de Teis: o Directorio Antiforal de Teis, constituído entre 1907-1908 e que vai supor unha nova etapa na loita antiforal.

Paga lembrar, segundo noticias de Durán, que de 1898 a 1907 fúndanse 273 sociedades agrarias; que en xaneiro de 1906 se promulga a lei de Sindicatos Agrícolas, que non contempla como fin a defensa dos dereitos das persoas asociadas e na que a representación política ou sindical a tiñan os varóns. *Rianjo Comercial* (1910) daba conta da novidade de que as mulleres participaban nas asembleas e mitins agrarios en plano de igualdade cos varóns e, case sempre, con maior radicalismo.

Neste contexto, a presenza de Carmen Álvarez como oradora nos mitins da campaña para conseguir a eliminación dos foros remítenos á importancia que houbo de ter e o seu destaque.

Acadou sona polo seu «cálido verbo combativo», do que daban conta as notas de prensa da época, incluído o xornal madrileño *El Mundo* en 1910, que di Aurora Marco. Moi activa no movemento agrarista e en contra do caciquismo, participando nas xuntas das sociedades, nos mitins, nas loitas onde a presenza de labregas era sinalada. Xunto a ela, tamén Elena Estévez gañou sona neste movemento que vai acabar coa redención dos foros baixo a ditadura de Primo de Rivera en 1927.

Para saber máis:

<http://es.calameo.com/read/0002722741ee9cbfa9a6c>

Ilustración de Antonio Seijas.

